

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezaoto, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto décimo da orde do día e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de xaneiro de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 26 de xaneiro de 2018 é aprobada por unanimidade.

### **2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á FOLGA DE MULLERES PREVISTA PARA O DÍA 8 DE MARZO DE 2018**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

O **Sr. presidente** dá lectura á seguinte declaración institucional, acordada polos voceiros dos catro grupos políticos que conforman esta Corporación Provincial, que di o seguinte:

*“A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, desde o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada de crise económica.*

*A Deputación Provincial failles un chamamento ás traballadoras e traballadores a secundaren a convocatoria de paros laborais de manifestacións e mobilizacións que se leven a cabo con motivo de 8 de marzo, para reiterar o noso compromiso activo coa eliminación da discriminación laboral, económica e social das mulleres, que pasa polos seguintes puntos fundamentais:*

- *Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o estricto cumprimento do compromiso económico, seguimento e avaliación das medidas acordadas no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.*
- *Impulsar o diálogo social e a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, esixir plans de igualdade en todas as empresas obrigadas por lei e establecer medidas de acción positiva, imprescindibles para combater as brechas de xénero no emprego, avanzar en conciliación e corresponsabilidade e eliminar as desigualdades na protección social.*
- *Incrementar os recursos técnicos e humanos da inspección de Traballo, e mellorar os criterios de vixilancia e control do cumprimento da igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito laboral.*
- *Activar políticas e medidas efectivas de corresponsabilidade, para que os coidados se repartan equitativamente entre mulleres, homes, a sociedade e o Estado, como a aprobación da quinta semana do permiso de paternidade, postergada polo Goberno, ou a retribución das excedencias por coidado familiar, en liña coas propostas aprobadas pola Comisión Europea en 2017.*
- *Fortalecer os servizos públicos, especialmente en educación, sanidade e servizos sociais, impulsando un modelo educativo igualitario que combata os estereotipos*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

*sexistas, así como garantir as infraestruturas públicas necesarias para a atención a maiores, persoas dependentes e menores, especialmente de 0 a 3 anos.*

- *Promover unha lei para a igualdade salarial, e avanzar na representación paritaria nos distintos órganos de representación e decisión do conxunto das estruturas sociais e económicas da sociedade española.*
- *Ratificar o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT) sobre o traballo digno das traballadoras do fogar.*
- *Promover de xeito activo, desde a representación de España na OIT, a aprobación dun Convenio Internacional contra a violencia de xénero no lugar de traballo.*

*Polo exposto, o Pleno da Deputación de Ourense acorda:*

1. *Apoiar a convocatoria da folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.*
2. *Trasladarlles ao Goberno da Xunta de Galicia, grupos parlamentarios e interlocutores sociais, a necesidade de facer efectivas as medidas oportunas a través do diálogo social para evitar as situacións de discriminación, levar a cabo o pacto contra a violencia de xénero a acabar cos niveis de desigualdade que existen no noso país”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Ao respecto do punto 2 (primeiro de nada, bos días a todas e a todos) sen ánimo de entrar en debate nun punto que non é para o debate, pero si puntualizar, sobre todo a raíz dalgúñas declaracións que puidemos ver estes días na prensa (dende o luns, martes, que chegamos ao acordo desta declaración institucional); pois como digo, houbo algunhas declaracións en prensa, non moi afortunadas entendemos, sobre todo neste caso por parte do portavoz do Partido Popular que chegou a cualificar este apoio a esta reivindicación como *simbólico*. Dikir, simplemente que non nos parece lóxico que cando se chega a un acordo, cando se fai unha chamada á mobilización que se diga que deba ser exclusivamente simbólico. Pensamos que esa necesidade de xustificar ese matiz pode obedecer a dous

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

motivos: ou non se cre no que se asina e se fai unicamente de cara á galería, ou dende o Partido Popular lle deron un tirón de orellas e por iso deben andar matizando. Nós, insisto, presentamos unha iniciativa de partido ao respecto desta cuestión e tivemos que facer renuncias porque o texto non é integramente o que nos gustaría, aínda recollendo unha parte importante dos nosos acordos; por iso mesmo e para que o consenso fora posible, e a pesar de ter motivos máis que suficientes para desmarcarnos a data de hoxe, valoramos que o principal é que esta institución por primeira vez na súa historia sexa sensible á desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica. A declaración institucional que acaba de ler vostede, señor presidente, é ben clara e non admite dúbidas: *a Deputación Provincial fai un chamamento ás traballadoras e traballadores a secundaren a convocatoria de paros laborais, de manifestacións e mobilizacións que se leven a cabo co motivo do día 8 de marzo. O Pleno da Deputación acorda apoiar a convocatoria da folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018.* Señor presidente, señores e señoras deputados do Partido Popular, non valen medias tintas, ou se está de acordo ou non. En todo caso nós, logo desta declaración, tamén agardamos ver ás deputadas do Partido Popular predicando co exemplo e detrás da pancarta o día 8. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais público que hoxe nos acompaña aquí ou ben a través da páxina web. Señor Rodríguez Suárez, agora me explico eu porque tardou vostede tanto tempo en comunicarme que aceptaba a declaración institucional; porque por *un lado lle doe e por outro lle proe* (dinlle no meu pobo, ¿sabe?). O que acaba de dicir o presidente, cando hai unha declaración institucional e apelamos ao consenso, para iso é e renunciámos todos ou ¿acaso só renunciou vostede? Renunciámos todos, os que ten ao lado, os que están aquí e os que están aí. Mire como asenten todos, o que pasa e que vostedes van como van, así lles vai. Logo, mire, non interprete vostede as miñas declaracións. Están claras e concretas e repito, non falei de apoio testemuñal, falei de paros testemuñais, que non é o mesmo, señor Rodríguez Suárez. Eu entendo, e respectarame vostede, que non pode castigarse á sociedade cun paro porque si. Para chamar a atención da sociedade, e de nós mesmos, para avanzar na igualdade entre homes e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

mulleres non fai falta molestar aos nosos concidadáns cun día de folga. Se non o entende, e o seu problema; eu así o entendo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

A declaración institucional a cuxo texto lectura o Sr. Presidente foi aprobada por unanimidade.

### **3º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE DECLARACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA.-**

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración institucional:

*“Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.*

*A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. A galegidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.*

*Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a co -educar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.*

*Por iso, proponse que por parte do Pleno da Deputación se aprobe a seguinte declaración institucional:*

- 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía, e pendurar unha faixa no balcón da Deputación conmemorando tal efeméride.*
- 2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.*
- 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Non se producen intervencións. A declaración institucional a cuxo texto deu lectura o Sr. Presidente é aprobada por unanimidade.

**4º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE N.º 1/2018.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Vaia por diante que o BNG sempre considerou ás Cámaras de Comercio entes prescindibles, obsoletos e pouco operativos; de feito, cando se votou a eliminación do recurso cameral obrigatorio co que se financiaba, votamos a favor. Como estrutura de apoio ao comercio non valen moito, están desfasadas e superadas pola realidade e todo iso aínda é máis evidente, se cabe, aquí na provincia de Ourense onde a Cámara converteuse nun apéndice, nun aliado das políticas do baltarismo. Abonda ver a presenza dos seus dirixentes en todos e cada un dos *saraos* que vostedes patrocinan e aos que van a aplaudir de xeito fervoroso. Dito isto, vostede nin tan sequera é consecuente co que pregoa aos catro ventos. Éncheselle a boca de falar de apoio a industria, ao comercio da provincia, mesmo apropiándose dos éxitos exportadores das empresas que levan toda a vida exportando con bos resultados antes de que vostede fora presidente, mesmo antes de que vostede nacera, e agora que a Cámara está agonizando practícalle vostede a eutanasia activa retirándolle a subvención para investila en gasolina nun dos eventos que máis lle gustan ao xerente do INORDE, como son neste caso os *rallys*. O restante, desta modificación de créditos é para cousas tan etéreas como actividades turísticas que non se especifican, polo que lle pediríamos que nolas aclarara, e 15.000 euros para formación de emprendedores, algo que tampouco queda concretado. Nós, como facemos habitualmente a este tipo de expedientes de modificación, vamos a votar en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, buenos días. Estamos mermados los dos diputados aquí de Democracia Ourensana<sup>1</sup>. Esto me recuerda a mí también a los equipos de fútbol cuando hay overbooking de enfermos y

---

<sup>1</sup> Alude á gripe que padecen os señores deputados do Grupo de Democracia Ourensana.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

entonces el médico del otro equipo ayuda al equipo contrario; en este caso, darle las gracias a Rosendo que el otro día le consulté si podía venir al Pleno y me dijo, más o menos, si podía venir o no y eso que una vez dije aquí que nunca me pondría en sus manos, pero bueno, fue en el fragor del debate, sí me pondría y eso que hay dos médicos más en la sala. Respecto a este tema (no sé si mi compañero Armando podrá hablar, posiblemente no pueda hablar, estamos los dos con gripe y a ver qué pasa, *un curandeiro mellor fai falta*), de este tema decir que llama la atención que hacen una modificación de crédito y uno de los gastos que quiere hacer aquí José Manuel Baltar, y demuestra una vez más su tremenda inepticia, es gastar 60.000 €, que son 10 millones de pesetas, en lo que es *Suzuki Motor Ibérica, Promoción turística de Ourense no equipo oficial no "Campeonato de España de Rallys 2018"*. Va a gastar dinero, 10 millones de pesetas, 60.000 €, en una promoción que realmente no vale para nada y significa cómo se tira el dinero. Hace poco hemos visto cómo las exportaciones a Estados Unidos bajaban, a pesar de que lleva dos o tres años con la campaña esa, haciendo el convenio con los Estados Unidos para vender más. Eso demuestra que es una inutilidad total todo lo que hace, porque si después de dos, tres campañas con los americanos haciendo aquí estas *xuntanzas* y gastando 300.000€ resulta que bajan las exportaciones, todo lo que haces no vale para nada. Por cierto, creo que ya no tiene muy buenas relaciones con Juan Verde, la persona, el timador éste - timador entre comillas - porque es el que le anda metiendo estas cosas que no valen para nada y que nos metió aquí gato por liebre con lo de Estados Unidos, el que decía que era asesor de Obama y lo único que tenía era un *selfie* con Obama; ese mismo, el que lo llevó a Estados Unidos. Pues lo mismo, creo que ya no tiene buenas relaciones con él porque le metió ya algún gato a nivel personal, gato por liebre, y creo que también se acabó el *rollo*; aunque va a seguir con el tema de Estados Unidos, *pero sei que non che van ben as cousas con Juan Verde xa*. Respecto a este tema decir por qué es una estupidez gastar esto aquí de 60.000 € en el Suzuki (fijaros hasta qué punto es un auténtico inútil) miren, esta publicidad de 60.000 €, Suzuki Motor Ibérica S.A., va a tener repercusión únicamente en los amantes de los *rallys*. Bien, todos los amantes de los *rallys* de España conocen totalmente de sobra Ourense porque tiene el rally más importante de España. Entonces, esto de aquí es redundante, es absurdo. Nadie que al ver esto, Suzuki Motor Ibérica, vea que es de Ourense diga: *oye, vamos a Ourense de turismo porque mira de lo que me acabo de enterar, el de Suzuki Motor Ibérica me enteré que tiene un coche que es de Ourense, que al parecer Ourense es la leche*. Todo el mundo que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

está en los *rallys* ya conoce Orense por el Rally de Ourense que es el más famoso; entonces es realmente absurdo, es absurdo. Es como promocionar la ciudad de Madrid en ámbitos futbolísticos, ¡ya me dirás tú!, habiendo el Real Madrid y el Atlético de Madrid para qué quieres promocionarla en ámbitos futbolísticos. Esto igual, esto demuestra lo inútil que es. Promociona el Rally, gasta 60.000 € en Rally cuando ya tenemos el Rally de Ourense. Así es José Manuel Baltar. Fijaros también en qué gasta el dinero, cómo tira el dinero (esto de aquí es realmente vomitivo), le da 200.000 €, en esto se gasta 60.000, pero le da 200.000 € al *Correo Gallego* y ¿a cambio de qué le da 200.000 € al *Correo Gallego*? Para que en Santiago hablen bien de él y cree que así los de la Xunta de Galicia le van a tener respeto porque allí obviamente no hay votantes de la provincia, se entiende que así los tiene un poco camelados o con respeto a los del PP de la Xunta de Galicia. Miren lo que dice el 1 de febrero, jueves, *El Correo Gallego*, que es vomitivo, fijense qué periódico (después de recibir 200.000€ de José Manuel Baltar), dice: *Manuel Baltar, un político con cabeza* (en cuadro de honor). *Incombustible. Así es Manuel Baltar, presidente de la Deputación de Ourense, un hombre entregado a los habitantes de la provincia termal por excelencia, que destaca por su buen hacer, por su iniciativa e innovación a la hora de emprender proyectos. Baltar quiere hacer inteligente a su territorio apostando por el sector TIC y, además, se sitúa como un ejemplo en los índices de transparencia. Pero también ha contribuido a que Orense sea un referente en gastronomía con la celebración del salón internacional Xantar. ¿Qué será lo próximo con lo que nos sorprenderá?* Esto, *isto non sei se é para rir ou chorar.*

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Moi bo día. Brevemente para indicar que imos votar de xeito negativo a esta proposta. Xa votamos no seu momento contra o orzamento do INORDE, englobado iso si, dentro do orzamento xeral desta institución e dubidamos, xa no seu momento, e seguímolo facendo da necesidade de que exista este Instituto porque en pouco, ou nada, contribuía ao desenvolvemento desta provincia e o destino ao que se lle vai dedicar esta cantidade, que se muda no orzamento de aplicación, para a promoción turística de Ourense no Campionato de España de Rallys, o que fai é ratificarnos nesa consideración a cerca da inutilidade do INORDE. Sen máis, moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Moi bo día distinguidas deputadas, deputados, medios de comunicación, de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

información, público que nos asiste directa ou indirectamente. Aínda que lles pareza mentira, o que estamos a tratar é unha modificación de créditos das bases de execución do orzamento do INORDE; non estamos a falar nin das Cámaras de Comercio, si ou non, que é un tema a parte, nin de ningún periódico. O que pasa é que os que interveñen, *bueno*, o señor Rodríguez Suárez xa empezou mal porque non respectou o que é unha declaración institucional; e ao señor Gonzalo Jácome fíxolle bo efecto a medicina (celébroo) pero vexo que se vai polos cerros de Úbeda, non se centrou no tema, no núcleo do debate. E o núcleo de debate, señoras e señores deputados, é que no Consello Reitor do INORDE do día 6 de febreiro aprobouse o expediente de modificación 1/2018 dos orzamentos do INORDE para o 2018, modificando a Base 5ª. O que se modifica é a previsión inicial de subvención de 100.000 € á Cámara de Comercio á vista de que esta entidade está actualmente en situación tutelada. Señor Rodríguez Suárez, cando se lle concederon 100.000 € á Cámara de Comercio era Cámara de Comercio; hoxe está sen o seu presidente (co que se dirixiu aquí no seu momento para consensuar esta subvención) está en situación tutelada, polo tanto a situación non é a mesma. O INORDE o que fixo foi que eses 100.000 € se destinen a outras finalidades como son: 60.000 para a promoción turística deportiva, 25.000 para actividades e eventos dos concellos para a promoción dos seus produtos e 15.000 para a co- financiar os proxectos xa aprobados polo Fondo Social Europeo coa Fundación Incyde de formación de emprendedores. Son actividades intrínsecas do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico que foi aprobado por 13 votos a favor e unha abstención. A abstención foi a do representante socialista. Eu lamento que o representante socialista non lle dixera máis, non aos demais grupos que non ten porqué, pero si, en todo caso, ao grupo provincial socialista porque fixo unhas preguntas a raíz diso, despois de explicarse alí todo o que había que explicar e tiveron a opción de facer as preguntas ao respecto e se lles explicou. Polo tanto, non vou a incidir máis porque como hai dúas ou tres preguntas ao final e dará conta o presidente polo miúdo de para que vai destinada esta modificación de créditos en canto á promoción turístico deportiva (que non é como di o señor Gonzalo Jácome nin o señor Rodríguez Suárez) pois déixoo para as preguntas que foron feitas por, neste caso, a señora Gil polo que sei, e que se lle dea cumprida explicación; polo tanto non quero redundar. Pero do que se trata aquí é dun expediente de modificación, nin falar da Cámara de Comercio, que sería tema para outro debate, nin de ningún periódico a nivel galego ou a nivel provincial. Nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, simplemente decir que haremos las alegaciones pertinentes por este tema, para que no vaya adelante esta modificación de crédito que creemos que es totalmente errónea. Decir también que todo está relacionado, por mucho que el señor Rosendo diga que no. Por cierto, a mí no me sentaron mal las medicinas, ni bien, cuando tengo una gripe nunca tomo medicinas porque solo sirven para los síntomas, entonces ¿para qué la voy a tomar? Necesito indicadores, es como aquí, hacen falta indicadores para saber si la cosa va bien o mal. En la vida es fundamental tener información. Respecto a este tema, simplemente decir también, no dejar pasar la oportunidad de decir que todo está relacionado y el dinero fíjense dónde acabó, en Santiago, por eso cada vez somos más pobres. Se le da el dinero siempre al Eje Atlántico que es donde realmente está el dinero. Decir también que hablan de Xantar como si fuera algo maravilloso y lo único que significó Xantar fue competencia desleal para la hostelería durante una semana. Solo sirvió para eso y que de promoción de Orense nada por una razón, hoy acaban de venir los datos de que Galicia sube en turismo un 5,5%, ha subido en turismo un 5,5%, pero no Orense. ¿Se dan cuenta de la gestión de este hombre? La gestión de este hombre se mira en los números, los indicadores que decía antes, lo de la fiebre. Este hombre, si Orense tiene fiebre, ése es el virus.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Simplemente para aclararlle ao señor vicepresidente e que non quede dúbida ningunha, o representante que temos no Consello Reitor do INORDE informounos puntualmente das preguntas que fixo e do sentido do seu voto. Este grupo non considerou satisfactorias as respostas desas preguntas e por iso as volve formular aquí. En canto ao sentido do voto o que facemos e converter unha abstención (non é un voto, non participa nese voto) nun voto negativo. Para que non lle queden dúbidas ao respecto, nin a vostede nin aos que nos estean escoitando. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** soamente incidir que me parece ben que lle transmitiran todo o que se preguntou alí, que está recollido na acta; se queren profundar máis porque non entenderon, dásele cumprida resposta e nada máis. En canto a que se abstivo e agora votan non, entra dentro da autonomía propia do Grupo Provincial Socialista. Nada máis. A nós tócanos gobernar e, polo tanto, nos toca decidir en que momento cando facemos un expediente de modificación de crédito e unha partida non pode ir

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

destinada, polas causas que se explicaron, a un determinado obxectivo; pois van a outros que fan falta e que consideramos pertinentes porque para iso temos a responsabilidade de gobernar.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos e das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2018, modificando a base quinta para dar de baixa na aplicación 42211/489.06 ao beneficiario “Cámara de Comercio de Ourense” e para crear a partida orzamentaria 42211/479.00 “Outras subvencións a empresas privadas”, dotando a Suzuki Motor Ibérica, SA cun importe de 60.000,00 € para promoción turística da provincia de Ourense nos distintos soportes do equipo oficial de Suzuki Motor Ibérica no “Campionato de España de Rallys 2018”. O importe restante será para dotar ás partidas de formación de emprendedores e actividades turísticas segundo o detalle da táboa seguinte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Suzuki Motor Ibérica, SA	Promoción turística de Ourense no equipo oficial no “Campionato de España de Rallys 2018”.	60.000,00 €
<b>Total:</b>		<b>60.000,00 €</b>

<b>APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO</b>		<b>APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO</b>	
<b>Aplicación</b>	<b>Importe €</b>	<b>Aplicación</b>	<b>Importe €</b>
42211/489.06 Asociacións sen ánimo de lucro	100.000,00 €	42211/226.17 Gastos formación emprendedores	15.000,00 €
		42211/226.16 Actividades de turismo	25.000,00 €
		42211/479.00 Outras subvencións a empresas privadas	60.000,00 €
<b>Total</b>	<b>100.000,00 €</b>	<b>Total</b>	<b>100.000,00 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- PROGRAMA BENOURENSE DE COOPERACIÓN ECONÓMICA COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO NO EXERCICIO 2018.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Brevemente. Simplemente dicir que valoramos o esforzo – xa o teño dito máis veces - que fai esta casa para cubrir, neste caso, os déficits do goberno galego, que é quen ten a competencia neste asunto; mais entendemos que a Deputación non debería asumir este tipo de competencias que lle son impropias. De aí que o noso voto vaia a ser, como habitualmente facemos, o da abstención. Nada máis. Moitas grazas.

**Dª Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas, presidente. Moi bo día a todos e todas. O noso voto, neste caso, vai a ser a favor. Vai a ser a favor porque incrementar a dotación orzamentaria para o servizo de axuda no fogar dentro do programa BenOurense, é unha petición reiterada que leva a facer o meu grupo en distintas mocións e dentro do Debate do Estado da Provincia. Somos coñecedores de que estamos ante unha competencia impropia desta Deputación e que este tipo de achegas deberíaas prestar a Xunta de Galicia. Pero dende o ano 2012, hai que recordar, no Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, son accións que lle corresponden a esta casa. É necesario poder ampliar o número de persoas atendidas polos servizos sociais municipais, dada a poboación que temos nesta provincia, unha elevada porcentaxe da poboación avellentada e dependente. Si, digo dependente porque aínda que este servizo de prestación básica non é o dedicado á prestación a persoas dependentes, é a través do cal os concellos (e creo que todos os que temos responsabilidades municipais sabémolo) a través deste programa temos que atender a moitos dos nosos veciños e veciñas polo longo camiño de ser recoñecida a alta destes usuarios no servizo de dependencia. Se queremos cambiar o abismo ao que nos encamiñamos, se queremos ter pobos en vez de ruínas e se queremos que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

os nosos veciños e veciñas poidan estar nas súas casa atendidos, é necesaria unha aposta polos servizos sociais. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Valoro positivamente o apoio do Grupo Socialista. Non sei o que nos deparará o voto de Democracia Ourensana. En todo caso permítanme que faga unha serie de consideracións ao respecto deste programa, porque considero que, a parte de cuestionar se é unha competencia propia ou impropia, creo que é dunha grande transcendencia para unha provincia como a de Ourense e, sobre todo, no rural. Polo tanto, como digo, farei unha serie de consideracións, no só para nós mesmos, senón para os habitantes ou a cidadanía desta provincia. O Programa de Cooperación cos Concellos, chamado Programa BenOurense, recolleu dende os seus inicios, como vostedes saben, dous programas: o Programa de Cooperación Técnicos e o Programa de Cooperación SAF (servizo de axuda no fogar). Ambos regulábanse nunhas mesmas bases, como tamén recordarán, e nunha única publicación aínda que o obxecto e características de cada un deles son moi diferentes. Así, no Programa Técnicos recóllese unha subvención destinada aos concellos e mancomunidades cualificados como UTES ou como UNIS, segundo o Decreto 99/2012 ao que xa se aludiu aquí, e implica a posibilidade de contratar persoal técnico para dotar de recursos humanos as devanditas unidades. Este feito implica que, con posterioridade á resolución do Programa BenOurense por parte da Deputación, se teñan que activar os procedementos de contratación nos concellos ou mancomunidades afectados; isto unido aos requisitos establecidos nas bases onde se pide que exista unha relación laboral entre o persoal técnico e os concellos (ao menos de sete meses, como se di nas bases) implica a necesidade de actuar con maior celeridade posible por parte desta institución para facilitar aos concellos e mancomunidades dotar de recursos humanos necesarios e suficientes (parece que me *enrollo*, pero dou os datos exactamente e estou seguro que sobre todo os que son alcaldes ou concelleiros, ou concelleiras de servizos sociais nos seus respectivos concellos, entenderanme perfectamente). Recórdolle que todo isto foi o que se tivo en conta este ano actual, ano 18, para anticipar con tempo suficiente no Boletín Oficial da Provincia o Programa Técnicos; establecéndose por primeira vez unha regulación separada entre este Programa e o de Cooperación SAF, de aí esta miña primeira consideración. É dicir, non só melloramos ano a ano na cooperación cos concellos; senón tamén na anticipación desa cooperación. Deste xeito, recórdolles que no ano 16 publicouse este programa en febreiro dese ano, no ano 17

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

publicouse xa o sete de decembro do ano 16; pero este ano, no ano 18, ou para este ano, para o ano 18, xa se publicou o 24 de novembro. Estamos con isto a anticipar máis dun mes a publicación do Programa BenOurense Técnicos con respecto ao ano anterior e case dous meses con relación ao ano 2016. Referíndome xa ao Programa BenOurense SAF, teño que destacar que este Programa - como así o prometeu no seu día o noso presidente - contempla durante o ano 18 un incremento de case 200.000 € respecto ao exercicio anterior. Un dato importante: supón un 20% de aumento no ano actual respecto dos anteriores. E ¿que novidades ten este Programa no presente ano 2018? Pois unha moi importante que quixera destacar, entre outras. A repartición económica prevista tradicionalmente no Programa BenOurense SAF realizábase como vostedes recordarán conforme ao establecido no Decreto 99/2012, ao que xa me referín, en atención a unidades de convivencia existentes en cada concello, con correccións, iso si, previstas no propio Decreto, derivadas da cualificación que teña cada municipio como rural, rural de alta dispersión, etc... A aplicación desta fórmula, establecía un sistema de repartición que, tras a análise dos datos realizados nos últimos tres anos, viñeron a demostrarnos o seguinte, fíxense vostedes: existían municipios que non poñían ou non mantiñan o sistema de axuda no fogar básico, que non o puñan o non o mantiñan en funcionamento, xa que a contía que lles correspondía por aquel sistema de repartición era insuficiente para poder manter ao mesmo no tempo. Un dato a ter en consideración, existía un 10% dos concellos que quedaban por debaixo dos 3.000 € de asignación con aquel sistema de repartición, e case un 20% non chegaban aos 4.000. Coa repartición actual ningún concello, ningún, recibe menos de 4.000 €. E outro dato que nos demostrou esa análise do anterior sistema de repartición nos últimos tres anos ao que me acabo de referir é a imposibilidade de xustificar a contía da subvención concedida. Isto sucedeu sobre todo en concellos de maior tamaño e a quen correspondeu maior subvención, onde ano tras ano non xustificaban as contías concedidas no Programa BenOurense SAF. Pode que resulte difícil de entender (vexo caras algunhas de asombro), pero esa é a realidade; voulle a pór un exemplo e non o tomen como nada malo, hai máis, simplemente é un dato obxectivo. Concello do Barco de Valdeorras, no último exercicio pechado non chegou a xustificar algo máis de 38.000 € da subvención inicialmente aprobada: a de Técnicos e a de SAF básico. Polo tanto a análise de tales datos levounos - escoitados, por suposto, os técnicos desta casa - a unha formulación máis equitativa recollida nas bases deste ano 2018, onde se sinala a contía aos concellos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

garantíndoselles un tramo fixo e un tramo variable. No tramo fixo, asignase unha contía fixa de 3.000 € para cada unha das entidades que acceden á subvención garantíndose para todas elas un mínimo igual para todos. Polo tanto, garantimos que ningún concello percibirá menos desta cantidade, garantindo ao mesmo tempo a posibilidade de manter o SAF durante todo o ano en concellos de menos poboación. En canto ao tramo variable, debo destacar que para o cálculo deste tramo, como vostedes xa saben, aplicarase a *ratio* de cobertura por habitante recollida no anexo 3 do Decreto, xa citado varias veces, 99/2012, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible, logo de restarlle, claro que si, o importe total destinado ao tramo fixo ao que acabo de referirme. E para rematar (e espero que o doutor Rosendo me receite a min algo como ao señor Jácome a ver se me pasa esta afonía, señor Rosendo a ver se se acorda), e para rematar, digo, permítanme que lle recorde tamén que o programa BenOurense non só contempla o acceso a unha contía económica para as entidades locais que lles posibilita o desenvolvemento efectivo do SAF básico; senón que facilita aos servizos sociais de cada Concello a plataforma informática - algo moi importante - de seguimento do programa municipal do SAF e a xestión deste. Asuntos como, emisión de recibos de copago para as persoas usuarias, elaboración de axendas mensuais para as persoas que prestan asistencia no fogar, control de quendas, traslado de datos do SAF básico á Xunta de Galicia, etc.. son servizos que se prestan, como digo, a través desta plataforma. Esta plataforma, repito, mantense de forma continua ao longo de todo o ano para impedir cortes que dificulten o seguimento e a xestión diaria do SAF por parte dos concellos. Estamos a falar, polo tanto, dun Programa de Cooperación de máxima importancia para os nosos concellos e para o cal a Deputación fai un gran esforzo, como acabo de dicir, un gran esforzo económico e tamén de xestión a través da Área de Benestar. Faino e o seguirá facendo dado que é un compromiso firme e determinante do presidente desta Deputación e do seu grupo de goberno. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana:** sí. Me hace gracia porque viene una noticia aquí, en *La Voz de Galicia*, es curioso, en la que dice: *los mayores ourensanos son los que menos cobran de todo el país*. Es curiosa también la paradoja, ¿no?, porque es la gente, en Orense, que más apoya al PP y son los que realmente menos cosas reciben. Los más perjudicados son los que más votan al PP, es como una paradoja. Pero, obviamente, después de 30 años de gobierno de los Baltar, supongo que tienen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

su responsabilidad. *Los mayores orensanos son los que menos cobran de todo el país.* Es algo realmente triste. Me pregunto si esto de aquí *do fogar, terá algo que ver con que ten un cargo de conciencia ou algo, ou quere paliar este tema, ao mellor.*

**D. Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** nada, soamente dicir dúas cousas ao señor portavoz do Grupo Popular. Nós xa sabemos que é un esforzo que se se fai desde esta Casa, un esforzo que tamén estivemos reclamando dende o meu grupo xa dende fai algún tempo. Dicir que deu aquí uns datos que o Concello do Barco de Valdeorras non cubriu o SAF Técnico; falou do SAF de Técnicos, que non cubriu toda a cantidade que lle deron, que non xustificou o Concello do Barco toda a cantidade. Eu creo que, ao mellor, son máis concellos os que non xustificaron; non sei, teriamos que ver a ver cal foi o seu motivo. Fala do SAF Técnico, hoxe non estamos falando do SAF Técnico, estamos falando do servizo de prestación de axuda no fogar. Polo cal, nós no SAF Técnico non estamos de acordo, si neste servizo. Vemos que se ve incrementado, polo cal é o noso voto a favor. Outra cousa que tamén fixo, falou da plataforma. Da plataforma da que dispón a Deputación, teriamos que falar largo e tendido porque os nosos técnicos (eu creo que todos somos coñecedores) están cubrindo os datos dúas veces. Están metendo os datos nesta plataforma da Deputación e máis teñen que estar metendo os datos na plataforma da Xunta de Galicia polos datos de dependentes. Eu creo que todos os que temos responsabilidades municipais sabemos que están os nosos técnicos cubrindo datos en dúas plataformas distintas. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas señor presidente. Ben, eu creo que non me entendeu. Dixen que ía facer unha primeira consideración para enfocar porqué este grupo de goberno separou o Programa BenOurense en dous ao respecto doutros anos: o Programa de Técnicos e o Programa de SAF. Non o fixen por ningunha outra razón, que estean ou non de acordo xa nolo demostrou no seu momento cando aprobamos as bases do Programa Técnicos. Simplemente o fixen por contextualizar o programa no seu conxunto en dúas vertentes, non o fixen por ningunha outra razón. Respecto ao do Barco, si, hai algún concellos máis, pero busque vostede os exemplos. Búsqueos. Eu referinme (e non quero entrar en consideracións de tipo político, niso entren vostedes) puxen como un exemplo obxectivo e falei dese exemplo en función das dificultades que este ano pretendemos cos técnicos da Área de Benestar e os da Asesoría Xurídica evitar que pasen estas cousas; no Barco, en Muíños, ou onde vostede é concelleira. Non lle poña vostede máis

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

malicia. Respecto á plataforma, ¿está ben ou non está ben? Outra cousa é que cuestionemos que teñan que pasar os datos a unha e a outra; como algúns, que somos interventores, temos que pasarlle as contas ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas. Gobernaron vostedes, gobernamos nós e os interventores - permítame que me aparte da miña misión hoxe - seguimos facendo o mesmo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Programa BenOurense de Cooperación Económica coas Entidades Locais da Provincia para o Servizo de Axuda no Fogar Básico no exercicio 2018, conforme ás seguintes bases reguladoras:

**I).- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria.**

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos oncellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489 €)

**II .- Beneficiarios.**

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considérase SAF básico para os efectos deste programa aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoa e Atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (P.I.A), non goce de efectividade.

### **III. - Contía da subvención.**

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo de 3.000 € (tres mil euros), para cada unha das entidades locais que se adhiran ao programa.

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase o ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ó tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

- Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de suma - las cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo I do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme as regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase unicamente a través da xeración automática da certificación a través da plataforma informática, sendo a contía reflectida na certificación o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste programa.

#### **IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa , presidente/a ou secretario/a da entidade local e remitirase telemáticamente a través da plataforma no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ó de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de co -financiamento non utilizados incrementarán o importe asignado ó tramo variable previsto na base III.1 b) distribuíndose entre as entidades locais adheridas aplicando o criterio recollido na devandita base III .1 b)

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa de SAF básico.

**V.- Réxime xurídico.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

#### **VI.- Xustificación e pagamento.**

A subvención prevista no presente Programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

##### 1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de abril, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

##### 2.Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impedisese a súa introdución en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándoas no caso de que se aprecie a existencia de causa xustificativa da demora, habilitando ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta certificación remitirase telematicamente, asinada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2019.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

#### **VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.**

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe do gasto xustificado (correspondente o custe neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

#### **VIII.- Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2018 e 2019. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

**IX.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial do ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo co- financiado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telemáticamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2º) Someter o programa inicialmente aprobado ao trámite de información pública por prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. Durante o dito prazo, as persoas ou entidades interesadas poderán formular as alegacións, reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que deberán ser obxecto de resolución expresa polo Pleno da Deputación. En caso de no formularse alegacións en prazo, se entendera automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

#### **6º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS NECESIDADES E MELLORAS DO TRANSPORTE FERROVIARIO ENTRE OURENSE E SANTIAGO.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas o Grupo Popular e o Grupo Socialista, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Primeiro irei coa exposición de motivos. O ferrocarril tense verificado como un dos medios de transporte máis beneficiosos para o medio ambiente e máis útiles para as poboacións. Neste sentido, o nacionalismo galego sempre defendeu a necesidade dunha rede ferroviaria moderna, compatible para o tráfico de persoas e mercadorías que primara a mobilidade interior e con conexións con Portugal e coa meseta. Porén, fronte a este deseño primou outro, froito da concepción centralista do Estado que ten concibido co obxectivo de conectar Galicia con Madrid, facendo que este criterio non se compatibilizase coa conexión interior de Galicia e, a día de hoxe, non temos un sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparable ao de *cercanías* que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

e útil para a vertebración territorial entre cidades e vilas galegas. Tanto é así que, no interior do país que sofre as consecuencias do agravio histórico con este territorio por parte do Goberno central (coa complicidade, hai que dicilo, do Goberno galego), nin sequera se cumpre a necesidade de conectar de forma eficaz as cidades galegas coa capital de Galicia. No caso de Ourense, esta cidade conta cunha conexión *Avant* Ourense – Santiago – A Coruña. O servizo *Avant* con servizos de media distancia prestados con trens de velocidade alta, especificamente deseñados para viaxes curtas a diferenza dos tres do servizo AVE, segundo informa a propia Renfe Viaxeiros. A devandita liña foi inaugurada en decembro de 2011 e, dende entón, sucedéronse a supresión de frecuencias do tren rexional que conectaba poboacións intermedias como O Carballiño, Maside ou O Irixo. Así mesmo, durante estes anos, non se introduciron as adaptacións precisas para que esta conexión aproveitara todo o seu potencial para atraer como usuarios e usuarias a traballadores e traballadoras e tamén estudantes entre as cidades de Santiago, Ourense e tamén da Coruña. Os horarios, as tarifas vixentes, limitan as posibilidades de conexión contribuíndo a que as persoas que por motivos persoais ou laborais, deben desprazarse con frecuencia á capital de Galicia, obter por manter o seu lugar de residencia en Ourense. Esta situación, sumada aos incumprimentos constantes do Estado coa nosa provincia, derivan en que cada vez esteamos menos e peor conectados canto á mobilidade entre as comarcas e coa cidade que outras capitais. Máis aínda, da análise das comunicacións ferroviarias do país e do seu prezo, faise evidente o agravio comparativo que se está a cometer coa cidade de Ourense e coa súa contorna, xa que os prezos por quilómetro son moito máis caros que a comparativa coa franxa atlántica. Desta forma, viaxar de Ourense á Coruña custa ata 13 céntimos por quilómetro e de Ourense a Santiago ata 15 céntimos no caso de utilizar o *Avant*. Porén, un galego ou galega que se desprace no eixo atlántico terá que asumir un custo maior que non supera os 9 céntimos, para alén de contar cunha oferta máis ampla. Esta situación constitúe un agravio comparativo cara aos galegos de Ourense e, xunto con outros factores, impide igualar á sociedade galega e dar ao interior do País o pulo que precisa para desenvolverse socio-economicamente e paliar a crise demográfica. Máis aínda se temos en conta que, segundo os últimos datos publicados polo IGE, durante o ano 2016 o ingreso mensual por fogar no territorio ourensán foi de 1.817 € (os máis baixos das provincias galegas, por detrás de Lugo, A Coruña e Pontevedra); ademais hai que ter en conta que neste ámbito

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

territorial ourensán máis do 43% dos fogares percibe o seus ingresos a través dalgún tipo de pensión e que rematou 2017 protagonizando titulares por ser a provincia do Estado con máis pensionista que ocupados. A día de hoxe, un billete de Ourense a Santiago custa 16,60 € unha cifra excesivamente alta para a capacidade adquisitiva dos ourensáns que o fan prohibitivo e que obriga a recorrer ao autobús ou ao transporte particular ou compartido. Esta situación é insostible e Ourense precisa de apostas firmes tamén no ámbito do transporte, neste sentido é preciso apostar por o tren de proximidade é mellorar o aproveitamento e accesibilidade a unha liña tan importante como a conexión entre Ourense e Santiago e A Coruña; máis aínda cando esta liña está sometida á obriga de servizo público e recibe fondos do Estado para a cohesión territorial. Nós, en función de todo isto, o que formulabamos nos nosos acordos é que:

1.- O pleno da Deputación insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central e de Renfe Adif as actuacións precisas para promover o abaratamento da liña *Avant* Ourense – Santiago – A Coruña.

2.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte *Abono Tarxeta Plus*, *Tarxeta Plus 10* e *Tarxeta Plus 10 Estudandes*, para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

3.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago, para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias.

Para non alongalo moito nesta miña primeira intervención non vou a dicir nada máis, agardarei á intervención do resto dos grupos, e referireime as emendas presentadas na miña segunda quenda de intervención. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola. Nosotros creemos que esta moción es pertinente porque, si bien es cierto que es de instar, es obviamente pertinente porque es relativo a Ourense y a la discriminación de Ourense; entonces nosotros lo vemos interesante. Todo lo que tenga que ver con la discriminación de Ourense es tremendamente interesante. Sin embargo, varias puntualizaciones aquí. Después hablaremos de la enmienda del PP y del PSOE. La del PP no tiene mucho sentido porque dice

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

que se equiparen los precios en Galicia; nosotros estamos en Ourense, a mí que se equiparen los precios en Galicia no me resuelve nada si, al final, los de Ourense no tienen una diferencia favorable para compensar el tema de Ourense. Simplemente decir que Democracia Orensana fuimos los primeros que habíamos escrito una vez un artículo - hace unos 12 años - en el que nosotros relatábamos que lo más importante para los orensanos era tener una línea directa del AVE. El AVE más importante para los orensanos, lo dijimos ya hace 10 años y ahora nos está dando la razón el alcalde de Vigo, es fundamental un AVE directo a Vigo. Es la única forma en que eso convertiría a Ourense en la estación central de Galicia, como siempre fue; es decir que Ourense fuera realmente la estación de empalme. Si al final el AVE a Vigo hay que ir por Santiago, pues obviamente la estación central de Galicia va a ser Santiago y ahí es donde se haría la separación para Coruña o para Vigo. Entonces, la forma de realmente favorecer a Ourense sería esa, ¿por qué? Porque, entre otras cosas, me hace gracia aquí, primero vemos el sesgo del BNG porque dice que hay que aumentar las frecuencias a Santiago de Compostela y, hombre, está bien todo lo que sea eso, pero también se podía decir lo mismo con Madrid y, sin embargo, ellos intentan siempre desligarse con lo que es el Estado español. Si nosotros tuviéramos un AVE directo Vigo, Ourense tendría muchas más frecuencias con Madrid, ¿por qué? Porque obviamente se sumarían los trenes de Santiago como los de Vigo y Ourense sería la estación central. En cualquier caso decir, es fundamental, no podemos olvidar, lo más importante es intentar que Ourense tenga un AVE directo a Vigo. Tendríamos las Rías Bajas a media hora, se puede decir casi que Ourense pasaría a tener playa, y realmente eso sí que podría cambiar lo que sería el impacto de la ciudad debido al AVE. Eso realmente sí lo cambiaría, ahora que ya casi está conectado con lo de Madrid si hiciéramos eso. Respecto a este tema, decir que estamos a favor...no es que los precios realmente sean caros en comparación con otros AVES de Europa, pero sí que queremos decir, porque sí efectivamente son deficitarios, ya están subvencionados. Pero creemos que Ourense está discriminado y todo lo que sea pedir para Ourense no vamos a decir que no y, obviamente, vamos a votar a favor de este tema. Nada más en esta primera intervención.

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista:** bos días señor presidente, señoras e señores deputados. Entendo que esta é unha moción que, creo, presentou o BNG no Parlamento galego, entón foi unha moción que aprobaron todos os grupos e, como tal, o Grupo Socialista non ten máis que apoiar lóxicamente a moción. Pero vou facer como o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

señor Jácome, porque ao señor Jácome interésalle Ourense, e a min interésame Valdeorras, señor Jácome. ¿Que lle parece? ¿verdade? Porque Ourense non só é Ourense, tamén é Valdeorras e tamén é Verín e tamén é A Gudiña, por exemplo. Aquí, de momento, aínda que na exposición de motivos o BNG fala do centralismo e fala de que o proxecto deles era a conexión con Portugal e coa meseta; ao final é centralismo, señor do BNG, porque hai unha liña que é a liña Palencia - a que pasa por Monforte - que nos conecta con Europa, que nos conecta co País Vasco e que nos conecta con Barcelona. Vostedes esquecéndose desa. Vostedes solo falan da liña da meseta. Pois mire, a outra liña, xa lle digo, a outra liña desde Ourense a xente pode ir a Barcelona, pode ir a Bilbao, pode ir a San Sebastián ou pode ir a París. Entón, iso de centralismo, xa non sei se é o centralismo madrileño e o centralismo do BNG que todo debe ser para Santiago. Esta mañá eu viña no tren, mire, viña no tren dende Valdeorras e dende Valdeorras hai un as 5:17 que chega a Ourense as sete da mañá e lévalle 1:36h, paguei 17,90; 1,30 € máis que de Ourense a Santiago e creo que de Ourense a Santiago son 40 minutos. A continuación, hai outro tren que é un *Intercity* das 7:37 que chega ás 9:34 (unha hora cincuenta e sete minutos, 9:40) e despois hai outro que é das 7:37 ás 9:34 que é o *Tren Hotel*, 28,60 €; tamén ten a posibilidade de cama dende A Rúa ata Ourense, 46,30 €. O primeiro *Regional* pasa ás 10 da mañá. Imaxínese como estamos, por exemplo, os de Valdeorras. A xente maior que ten que vir á residencia, ¿como está? Vostedes esquecéndose. Vostedes só se acordan dos de Ourense. Vostedes esquecéndose de todos os demais. ¿Os de Valdeorras non temos dereito? ¿Os da Gudiña tampouco? Por iso creo que a nosa proposta, a emenda de adición, a parte primeiro a de substitución, di: *o Pleno da Deputación de Ourense demanda ao Goberno central e a Renfe Adif* ; porque xa os do Parlamento demandaron á Xunta de Galicia, ou instaron. Por iso nós debemos, non á Xunta de Galicia, senón ao Goberno central. E a emenda de adición que di: *así como as liñas que unen Ourense con Valdeorras e Lugo con Vigo e coa Gudiña*. Pois señores, volvemos ao mesmo, a parte de Ourense hai outra provincia interior, con moitos problemas de conexión coa capitalidade, agora. Polo momento, nada máis. grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Pois ben, coincido plenamente con vostede, señor Rodríguez Suárez, que xa é complicado; pero de entrada coincido. Coincidimos máis veces, o malo é que cando estamos en privado parece que é dun xeito e logo, cando saímos aquí á palestra, parece que é doutro. Ou as

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

consignas son distintas, ou se buscan outro tipo de beneficios que teñen pouco que ver coa realidade das cousas. En todo caso, xa digo, coincido plenamente con vostede en que o ferrocarril é un dos medios de transporte máis beneficioso para o medio ambiente, máis vantaxoso para os cidadáns e mesmo engadiría eu que de máis futuro. E para Ourense e para Galicia, evidentemente, será así. Pero aquí, na primeira frase da súa moción, acaban as coincidencias, xa que logo, como vén sendo habitual en vostedes, debuxan un escenario moi antigo no tempo e segundo a súa visión da nosa Galicia totalmente negativa, catastrofista, etc.. esas *palabrejas* que eu utilizo ás veces e que, a verdade, os definen bastante ben. Non é xusto, máis ben é faltar á verdade, señor Rodríguez Suárez, dicir que a día de hoxe non teñamos un sistema ferroviario moderno que facilite as conexións rápidas e seguras entre os cidadáns galegos e que os ourensáns non son beneficiarios destes cambios. Nada que ver coa realidade. O primeiro destes cambios xa ten tempo - sete anos aproximadamente - cando se puxo en marcha o servizo *Avant* entre Ourense, Compostela e A Coruña. Un servizo de media distancia que, dende a súa entrada en funcionamento, non deixou de medrar en número de viaxeiros - ese é un dato obxectivo - e calquera usuario destes trens, sexa a diario ou de xeito ocasional, ben podería contarlle a vostede ese importante incremento que se vén apreciando no tempo. Tampouco é xusto e verdadeiro dicir que case estamos no tempo do vapor, cando na actualidade as comunicacións coa meseta permítennos chegar a Madrid en catro horas e media, en franca competitividade co automóbil, e que se reducirán a algo máis de dúas horas cando a liña de Alta Velocidade estea a pleno rendemento. Isto será a finais do ano 19, afirmou novamente (espero que así sexa) o secretario de estado de infraestruturas o pasado 8 deste mes na Comisión de Fomento do Senado a preguntas, por certo, da senadora do PP dona Carmen Leyte. Como digo, así o dixó e así o esperamos todos. Non debería ser necesario, en todo caso, lembrar o posicionamento claro e rotundo, e tamén irrenunciable, deste Goberno provincial a contar con conexións ferroviarias modernas, dignas e de calidade. Neste senso recórdolles o seguinte: no Pleno de maio de 2016 adoptouse un acordo en defensa da mellora dun servizo de transporte público de calidade entre as vilas da provincia e a capital; por certo, un dos puntos incluído no Plan de goberno 15-19 que presentou no seu día o presidente desta Deputación. No Pleno do estado da provincia de novembro de 2016, adoptouse igualmente un acordo sobre todas as actuacións previstas no AVE e leo textualmente: *para que a chegada da Alta Velocidade sexa unha realidade cumprindo os prazos establecidos*. No Pleno de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

decembro de 2016, acordamos tamén *instar ao Ministerio de Fomento a que, en coherencia con todos os pasos administrativos dados, proceda a continuar avanzando na consecución da proxectada variante ferroviaria entre Taboadela e Ourense*. Xa no Pleno, máis recente, de maio de 2017 (xa vexo que o señor Bautista está moi atento), adoptouse acordo para que *se axilicen todos os trámites necesarios para a chegada a Ourense da Alta Velocidade ferroviaria e tamén para a conexión coas cidades de Vigo e Lugo*. Vostedes, señor Rodríguez Suárez e demais compañeiros desta corporación, coñecen tan ben coma nós que o incrementos destes servizos e, polo tanto, do gasto público necesario soamente estaría xustificado pola existencia dunha demanda suficiente e que non estivese cuberta por outro servizo de transporte público que tamén temos que ter en conta. ¿Pódese mellorar? Pois claro que si. Nesa liña vai a nosa emenda de substitución, pero teñan en conta que, voulles a dar un dato, en liñas xerais doce trens diarios, seis en cada sentido, e outros reforzos varios durante o curso escolar e outros, como repito, non están nada mal. ¿Mellorable? Claro que si. Como dixen, nesa liña estase. Por todo isto e sen compartir no máis mínimo esa visión negativa e catastrofista, repito, de abandono que nos debuxa o BNG, desde o Grupo Popular propomos unha emenda de substitución na liña do xa acordado (aquí xa se referiu o señor Bautista) o pasado 1 de febreiro na Comisión Segunda de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do Parlamento de Galicia. Así, a nosa proposta, repito, como emenda de substitución é a seguinte:

*1º.- Esixirlle ao Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego, para evitar a actual evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia de galegos e galegas (somos bastante claros).*

*2º.- Solicitar ao Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.*

*3º.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudandes, para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.*

*4º.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago, para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias, iso si, de acordo coa demanda.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Espero, pois, señor Rodríguez Suárez e demais grupos políticos que acepten a nosa proposta, xa que amplía e mellora considerablemente o que vostede solicita na súa moción e redundará nun maior beneficio non só para os Ourensáns, senón tamén para todos os galegos. Con respecto ás emendas do Grupo Socialista, sen entrar en consideracións de tipo formal dado que no escrito preséntannos unha emenda de substitución e outra de adición; pois digo, sen entrar en formalismos, adiántolles que si apoiaremos a emenda de adición e non podemos apoiar a emenda de substitución. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Cando presentamos esta iniciativa, que afecta como xa se ten dito de xeito especial a Ourense, aínda non se producira o debate parlamentario, polo que non sabíamos cal ía ser o resultado do debate, e xa que logo o Partido Popular ía aplicar o rodete da súa maioría absoluta para que non saíra adiante a proposta. Congratúlanos que o Grupo Parlamentario Popular fora sensible á nosa proposta para exixir frecuencias e melloras tarifarias na liña Ourense - A Coruña, e que a ese acordo se sumaran o resto dos grupos parlamentarios. É moi relevante, nesta e noutras cuestións, ter unha posición de país e facer unha fronte común diante do Ministerio de Fomento para frear o agravio que sofre Ourense en materia ferroviaria, concretamente na liña Ourense-Santiago-A Coruña, na que os viaxeiros asumen, como xa expliquei na miña primeira intervención, prezos por quilómetro que chegan a ser un 66% máis caros que os do corredor atlántico, dispendo ademais de menos frecuencias. A nosa proposta inicial era máis ambiciosa que o acordo resultante. Nós pedíamos a aprobación dun acordo co que o Goberno galego esixira diante do Goberno central unha redución do 30% na viaxe sinxela, máis trens por sentido, unha reformulación dos bonos de transporte e mellores conexións para concellos como O Carballiño, O Irixo ou Maside. O acordo ao que se chegou por unanimidade, ao que se sumaron por certo En Marea e PSOE, pídelle á Xunta que esixa, como xa acaba de explicar o portavoz do Partido Popular, unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos, sen fixar unha porcentaxe concreta, uns bonos máis flexibles e adaptados, e loitar por máis frecuencias dos servizos rexionais, un aspecto que se analizará en función de estudos sobre a demanda existente dos cidadáns. Non é o acordo que máis nos satisfai, mais é un punto de partida para acadar un trato igualitario e ao mesmo tempo mellorar as condicións do servizo para garantir a cohesión territorial e social. De aí que, como xa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

adiantei na Comisión Informativa, aceptaremos a emenda xa que o noso acordo queda superado polo acordo unánime do Parlamento; polo que é lóxico que todos os grupos desta Deputación nos sumemos a ese acordo acadado, renunciando, como non podería ser doutro xeito, á nosa proposta inicial. Nese sentido dicir que, efectivamente aceptaremos a emenda que nos presenta o Grupo Popular porque recolle, literalmente, os acordos do Parlamento de Galicia. Con respecto á emenda á moción que presentaba o Partido Socialista, vamos a manter a mesma postura que acaba de indicar o voceiro do Grupo Popular. Pensamos que o primeiro punto perde sentido ao cambiar uns acordos polos outros e o segundo, efectivamente, aínda que nós concordamos perfectamente e totalmente coa exposición que fixo o voceiro do Grupo Socialista; nós non nos esquecemos desa liña, pero a nosa moción estaba centrada, neste caso, na liña Ourense – Santiago. Repito, nós concordamos absolutamente coa exposición que fixo, con todo o argumentario e por iso, seguindo o mesmo criterio que xa explicou o voceiro do Grupo Popular, nós tamén estamos en disposición de aceptar a emenda de engádega e, se así o acordamos todos, o acordo quedaría, sería a emenda que presenta o Partido Popular coa emenda de engádega do Grupo Socialista. Non sei se quedou claro para todos; senón despois intentaremos aclaralo. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola. Me pasan una foto en la que aparece el señor JM Baltar con una camisa con el logo de ourensanía y quisiera si después nos puede decir si esa la paga la Diputación o la pagas tú y luego... ¿la pagas tú? Vamos, entonces nada que decir al respecto. Hace bien en hacer publicidad subliminal constantemente, pero si lo paga él está bien. Me la mandaron ahora, que sepas que estás controlado constantemente. Respecto a este tema decir también que no podemos nosotros, aquí desde Orense, sacar a relucir nuestro campo de batalla que es la ciudad de Santiago. En este caso el tema de Santiago de Compostela decir que, efectivamente, nosotros apoyamos lo que reivindica el BNG; pero decir también que normalmente es muchísima más la necesidad de los orensanos de ir a Santiago que al revés. Al final, quien más se está beneficiando de este tema es Santiago quien está bebiendo de los demás de forma injusta porque es una ciudad que parece Kuwait. Hay muy pocas ciudades en el mundo de menos de 100.000 habitantes (quizá no haya ninguna en el mundo de menos de 100.000 habitantes) que tenga las infraestructuras que tiene Santiago de Compostela y todo lo hace con dinero que no es de Santiago de Compostela. Es un exageración, al margen de que sea allí la

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

capital de Galicia, lo que no puedes hacer es meterle la Ciudad de la Cultura: si ya tiene históricamente la catedral que tiene y una universidad que tiene, pues no es necesario que le metan todo lo que le metieron a mayores últimamente. Tiene televisión a nivel nacional allí, tienen ahora la Ciudad de la Cultura, tienen un aeropuerto que, si no le llegaba ya el que tenía, *fixeron outro e deixaron a terminal vella sen usar*; o sea que realmente es humillante como utilizan el dinero de todos los gallegos para beneficiar principalmente a esa ciudad, realmente es sangrante, ¿a costa de qué? A costa de que Orense es cada vez más pobre. Fíjense en un dato, algo que es fascinante, la Televisión de Galicia (es todo pérdidas, creo que tiene como un 1% de ingresos y el 99% es con subvención) ¿sabes cuánto cuesta al año, Plácido? Lo mismo que mantener la ciudad de Orense que tiene 100.000 habitantes. La Televisión de Galicia cuesta 100 millones de euros al año, lo mismo que el presupuesto del Concello de Ourense. Eso si no es para salir con antorchas de noche y montar en cólera, es que ya no me lo digas. Decir que estamos hartos de este tremendo centralismo y estamos a favor de que se abarate el tren, pero no queremos olvidar que tampoco somos aquí unos súbditos de Santiago que nos pongan la vía como si fuera esto la Meca, como ahora acaban de hacer el Ave a la Meca, ahora hay que ir todos a la Meca, hay que ir todos a Santiago. No, nos gustaría que viniese más gente de Santiago a Orense que de Orense a Santiago; pero por desgracia los de Orense necesitamos más ir a Santiago que al revés.

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista:** nós pola nosa parte sumarnos, neste caso a que o BNG acepta a emenda de substitución do Partido Popular, máis a emenda de adición. Se temos que retirar a nosa non temos ningún problema e imos a votar a favor do acordo ese se é conxunto, ¿como vai a ser ese acordo? Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. As posturas están suficientemente claras. Entendo que a emenda de substitución presentada polo Partido Popular o relator da moción, o señor Rodríguez Suárez, acéptaa plenamente e, polo que dixo, tanto ese grupo como nós aceptamos a engádegas de adición presentada por vostedes, non a se substitución porque entendo que carece de sentido. En todo caso é a miña modesta opinión. Creo que as posturas están suficientemente claras, a parte de que o guión de cada grupo é o que é e se está vendo. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** simplemente, está claro. Nós en todo caso agardamos que o acordo que se vai a tomar (entendo que vai a ser por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

unanimidade) sirva realmente para ter algún efecto práctico e non quede como un simple brinde ao sol, máis que nada polo ben dos habitantes desta provincia. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixirlle ao Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego, para evitar a actual evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia de galegos e galegas.

2º.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Santiago de Compostela e A Coruña.

3º.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte *Abono Tarxeta Plus*, *Tarxeta Plus 10* e *Tarxeta Plus 10 Estudandes*, para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4º.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago de Compostela, para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda, así como as liñas que unen Ourense con Valdeorras e Lugo, con Vigo e coa Gudiña.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN APOIO E DEFENSA DA PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Moi bo día outra vez. Efectivamente como moi ben acaba de dicir o presidente, o Grupo Popular está a favor desta figura. A verdade é que o núcleo do *argumentario* está descrito, está narrado na moción que teñen vostedes no seu poder, todas as deputadas e deputados, e que incluso foi dada a coñecer en rolda de prensa hai uns días. Polo tanto, sabido o núcleo argumental, eu vou a explicar o que son, digamos, as mitocondrias argumentais. Así é. Diferentes grupos parlamentarios con representación no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Congreso dos Deputados presentaron un recurso de inconstitucionalidade para a derogación da prisión permanente revisable, admitido a trámite, o que non supón pronunciamento algún, nin moito menos, e de feito non hai pronunciamento do Tribunal Constitucional dende hai tres anos. Pero máis recentemente, concretamente o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha proposición de lei que pretende derogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular. Isto quere dicir que o Grupo Popular é o único que está a favor, hoxe por hoxe, pola figura da prisión permanente revisable. O Grupo Provincial Popular, o grupo de goberno desta Deputación, solicita ao Plenario o apoio da Lei de prisión permanente revisable co propósito de que os grupos políticos con representación no Congreso reconsideren a súa proposta de derogación da reforma do Código Penal en vigor desde xuño do 2015. Vaia por diante que non só solicitamos por coherencia cos principios do Partido Popular, que tamén, senón en resposta a unha demanda social na que 8 de cada 10 españois son partidarios de manter esta medida, esta figura e sen esquecer as iniciativas, as moitas iniciativas, postas en marcha polas plataformas cidadáns que xa recolleron, a día de hoxe, máis de 2,5 millóns de sinaturas a favor desta Lei. Pero é que, ademais, a proposta que trae a este Plenario o Grupo Popular é un instrumento en vigor na maioría dos países da nosa contorna e en gobernos de todo tipo de corte político. A maiores, a prisión permanente revisable foi avalada polo Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos en distintas sentencias tras a súa aplicación nos países da nosa contorna. Por certo, a min xórdeme unha dúbida, unha pregunta, unha formulación ¿como sostemos, os que pregoan a derogación, a desigualdade coa que se atoparía unha persoa sometida a prisión permanente revisable dependendo do país da Unión Europea no que sexa xulgado? O Partido Popular, pois, non considera a derogación desta figura penal vixente dende o 2015, como xa dixen antes, logo de escoitar o clamor da xente, o clamor popular, xa que representa un instrumento legal garantista co mandato constitucional de reinserción do penado e que non supón ningunha cadea perpetua encuberta, como moitos grupos que están a favor da derogación queren facer ver ou facer crer á sociedade. Por certo, venme á memoria agora, creo que o único condenado con prisión permanente revisable ata o de agora é o parricida de Moraña; pois benvida a prisión permanente revisable, non vou dicir o que fixo porque é *espeluznante*. A ter en consideración varios preceptos. Primeiro, a prisión permanente revisable non é unha cadea

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

perpetua como acabo de dicir, xa o di o propio concepto *revisable*, e non aplicable de xeito xeral. En segundo lugar, nós, como representantes dos cidadáns nas institucións, temos a obriga de dar resposta aos crimes atroces e ofrecer seguridade para toda a sociedade e, sobre todo, para os máis vulnerables. En terceiro lugar, a prisión permanente revisable é unha pena incluída nos ordenamentos xurídicos doutros países de Europa para supostos de excepcional gravidade; de feito, cando foi aprobada en España no ano 2015, só había dous países que non a tiñan na súa lexislación, un era España, o outro Portugal. En cuarto lugar, está avalada polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, como xa dixen, precisamente polo seu carácter revisable e cun obxectivo moi claro: previr a presenza na sociedade de persoas que non están adaptadas para deixar de cometer crimes, especialmente brutais, e que se introduzan na sociedade sen estar debidamente rehabilitadas. Polo tanto, é unha pena que pretende garantir a rehabilitación de quen comete eses crimes que son despiadados. Polo tanto, en virtude do exposto propoñemos a este Plenario tres puntos que teñen vostedes no seu poder:

*1º.- O apoio do Pleno da Deputación de Ourense á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.*

*2º.- Instar aos diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.*

*3º.- Darlles traslado destes acordos ao ministro de Xustiza, aos grupos políticos do Congreso e do Senado e, como no, á Xunta de Goberno da FEMP, da Federación Española de Municipios e Provincias.*

Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. A prisión permanente revisable implica unha visión da xustiza que ten que ver máis coa vinganza que coa xustiza propiamente dita. Vostedes, que reiteradamente recorren á Constitución, deberían saber que se trata dunha pena inconstitucional e que vulnera os dereitos humanos, xa que é incompatible coas finalidades de reinserción social que ha de ter calquera

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

condena e tamén é incompatible coa prohibición de penas inhumanas e degradantes constitucionalmente establecido (artigo 25.2). O dereito penal español xa conta con penas privativas de liberdade superiores ás dos países da contorna. O debate sobre a prisión permanente revisable aproveitase do descoñecemento que existe por parte da sociedade do sistema penal español, pois este é considerado laxo ou brando pola gran maioría; non entanto, o Estado español ten a maior taxa de persoas reclusas de toda a Unión Europea, tendo pola contra unha das taxas de criminalidade máis baixas, por debaixo tamén da media europea. Así mesmo, o Estado español ten unha media de cumprimento de penas superior á Unión Europea, e penas que poden chegar até os 40 anos de cumprimento íntegro, moito máis elevadas no tempo efectivo de cumprimento que a dos países da contorna. O feito de que as condenas poidan chegar a 40 anos de prisión de cumprimento xa supón unha cadea perpetua encuberta, pois hai que ir a sistemas penais de países latinoamericanos ou africanos para encontrar algo similar, non existindo no noso entorno tales penas. Polo tanto a incorporación ao Código Penal desta pena de prisión permanente revisable é totalmente innecesaria, supón a culminación dunha política criminal represiva e dura, que non soluciona os problemas de delincuencia nin os estruturais, e que se move por intereses de dubidosa moralidade facendo entender á sociedade que o sistema de penas existentes non é suficiente, sendo todo o contrario como se dixo, polo que non se xustifica a prisión permanente revisable desde o argumento da impunidad de delitos graves nin de penas curtas. Ademais, o Estado ten que situarse dentro da legalidade atendendo aos fins constitucionais de reinserción social e reeducación que constitúen o interese social, polo que non hai motivos obxectivos para este endurecemento de penas. A prisión permanente revisable conta coa oposición de practicamente a totalidade dos operadores xurídicos, catedráticos de dereito penal, asociacións de xuíces, fiscais, etc... tamén coa oposición do Consello Xeral da Avogacía Española que afirma que toda pena debe ir orientada á reinserción social e á reeducación, e os servizos de orientación xurídica penitenciaria dependentes dos colexios de avogados amosaron o seu desacordo dicindo que a reforma non nos protexe máis, non nos fai máis libres e si nos converte en menos civilizados. Señores do Partido Popular, o aumento de penas non supón diminución de delitos. A investigación criminolóxica demostra que o aumento da dureza das penas non disuade de cometer delitos. Non hai un só estudo que indique que a relación existente entre a gravidade das penas e a disuasión do delito reflecta que un incremento punitivo supoña unha diminución

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

dos delitos, ademais de que se endureceron as penas sen datos que avalen ese endurecemento en base a un aumento da criminalidade, xa que a criminalidade non aumentou, senón que vai decrecendo progresivamente e estabilizándose, sendo - como xa dixen anteriormente - das máis baixas da Unión Europea. Ademais, os delitos violentos no Estado español son totalmente excepcionais, e non hai tampouco un aumento dos mesmos que xustifique esta medida represiva. As medidas máis efectivas son as que traballan desde a prevención, pero estas fican totalmente marxinadas e non hai ningunha preocupación institucional para estudalas e adoptalas. É necesario implantar e revisar protocolos, facer campañas, investir en estudos rigorosos, persoal especializado, etc... non entanto o Partido Popular non propón ningunha desas medidas para superar os delitos, só pide máis cárcere unha vez que o delito xa está cometido. Un exemplo claro témolo coa violencia machista, esta violencia non é puntual, senón que estamos diante un problema estrutural onde hai que actuar, xa que por moita pena que se impoña non corrixe o problema. Un Estado de Dereito avanzado ten que situarse nun nivel ético superior ao das persoas que cometen os delitos, por dolorosos que este sexan, e debe actuar con superioridade moral con medidas que beneficien ao conxunto da sociedade, mantendo ás institucións dentro do Estado de Dereito, e non utilizando o dereito penal de forma oportunista e partidista. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, gracias. Me quedo con unas palabras que le escuché varias veces repetidas al del Bloque, que decía: *os países da contorna, os países da contorna...* hablaba de los países da contorna como un poco los países limítrofes que marcan un poco la referencia. Me hace gracia que diga esto el BNG, *os países da contorna*, para ver un poco la comparativa, porque el BNG es un partido que tiene orígenes comunistas y ya que tanto le importan *os países da contorna*, no decían eso para diferenciar la RDA de la RFA, o Europa del Este o Europa Occidental. *Aí o tema da contorna dáballle igual, aquí vivíase de maravilla en comparación con alí que era todo miseria; aí non utilizaban os termos de países da contorna.* Dicho esto (simplemente porque me llamó la atención) decir que estamos ante un tema, hoy se trae aquí una moción que es *apoio e defensa da prisión permanente revisable*. Aquí quiero hacer una pequeña introducción, después diré a qué viene el cuento, aquí el señor Baltar es el que controla inglés, es lo que los americanos dicen: *where's the point?*, realmente a dónde quieres llegar, *where's the point?* Lo que voy a decir es lo siguiente, ha habido un debate popular en los últimos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

meses sobre quién es el mejor futbolista del mundo, si Leo Messi o Diego Armando Maradona. Yo creo que hoy mucha gente tiene ahí el debate, a nivel futbolístico, de realmente quién es el mejor. Yo quisiera decirles aquí un comentario, además aquí hay varios amantes del fútbol y no sé si me darán la razón o no, muchos estarían a favor de Messi, de considerar que es el mejor futbolista del mundo, es que tiene un rendimiento de clubs, un rendimiento constante muy alto; sin embargo, Maradona era capaz de coger un equipo mediocre, como era el Nápoles, o una selección y él solo hacerla campeona del mundo, llevarla a una final. Serían un poco las comparativas. Sin embargo, yo creo que hay aquí una gran diferencia para saber realmente quién es el mejor cuando se hacen esas comparaciones, la gente nunca dice esta diferencia, y es que nosotros no podríamos saber cómo jugaría Messi con las reglas de los años 80. Por ejemplo, es muy fácil hoy jugar al fútbol, entre comillas, con el césped que hay y como hoy en día son los arbitrajes; pero imaginemos ahora a Leo Messi en los años 80 con aquellos patatales y con defensas como Gentile que te meten veinticinco sachadas por partido, claro, ¿qué haría Messi? ¿Haría los mismos regates que hoy? Posiblemente no. Y del mismo modo, ¿qué haría Maradona hoy con el césped de hoy, con las botas de hoy, con los balones de hoy y con los árbitros de hoy que te permiten hacer muy pocas faltas? Pues, a lo mejor, Maradona metía 8 goles por partido. No lo sabemos, quiero decir que son condiciones totalmente distintas. Bien, *what's the point*, ¿a qué viene esta introducción que he hecho yo? Pues esta introducción que he hecho yo de quién es mejor, si Maradona o Messi, tiene mucho que ver con esta moción, en el sentido de que mi opinión sobre quién es mejor, Maradona o Messi, yo la pongo en el mismo nivel de lo que opinan ustedes sobre el apoyo y defensa de la prisión permanente revisable. Es decir, me importa un bledo lo que ustedes opinen de eso porque aquí no legislamos eso. Esto que ustedes llevan aquí, vayan a un bar y coméntenlo en un bar, si ustedes tienen paranoias, están obsesionados sobre cómo se debe legislar en Madrid, preséntense a las elecciones al parlamento español que ya tienen allí sus representantes; pero en la Diputación no estamos para estos temas donde realmente no es algo particular de Ourense y donde realmente lo que demuestras aquí es la opinión, pero no pintamos nada porque donde se decide es en Madrid. Esto es una tomadura de pelo. En cualquier caso creo que aquí se ha traído esta moción, que hoy trae el Partido Popular, este tema no marca un hito histórico porque yo creo que el hito histórico en traer mociones que no proceden a los Plenos lo consiguió Ourense en Común en un Pleno de Ourense en que trajo una moción sobre el

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

cambio climático, yo creo que eso fue el *Top One*. Esta la podemos poner en el *Top Three* de las tomaduras de pelo de donde los plenos y muchas mociones no sirven para nada. Traer aquí este tema, ya digo, a mí me importa un bledo lo que piensen ustedes de este tema. Muchos dirán, ¡hombre, son representantes públicos y quiero saber su posicionamiento! A mí lo que realmente me importa del posicionamiento es lo que ustedes van a decidir hacer, por ejemplo, con la tierra en Ourense que es la que realmente importa. Obviamente, ¿todo lo que ocurre en España afecta a Ourense? Claro, pero para eso ya son otras competencias distintas en las que nosotros no pintamos nada.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. A verdade é que, señor Fernández, é un debate ben interesante o que nos trae vostede hoxe aquí a este plenario, é un debate con transcendencia xurídica, moral, ideolóxica e ata filosófica; pero, teño que coincidir co señor Jácome, de nula transcendencia para o devir desta provincia e alleo por completo ás competencias desta Deputación. Ademais, o que din que pretenden tórnase inútil e innecesario de acadar; nin a prisión permanente revisable - ou cadea perpetua se nos deixamos de eufemismos e lle chamamos ás cousas polo seu nome - vai resarcir ás vítimas, nin vai baixar as taxas de criminalidade, nin vai evitar que se sigan cometendo delitos execrables. Si lles pode ser útil para acadar o que pretenden, pero non din: recoller votos a cambio deste populismo punitivo, sacar réditos electorais de decisións político criminais que deberían ser rigorosas, algo realmente incompatible co de andar mudando o Código Penal en quente a golpe de efectos mediáticos e de sentimentos e emocións que, por moi lexítimos e respectables que sexan, non deben de suplantar á razón. *Es la respuesta mediática a un problema mediático*, din xuíces, xuízas, asociacións varias, catedráticos, a Unión Progresista de Fiscais, nun manifesto que asinaron contra esta medida. Para nós é difícil de entender iso de que o permanente sexa revisable e, por outro lado, ¿como se revisa o que é permanente?. Xa nolo aclararán. Non se pode perder en materia penal o sentido da proporcionalidade e da medida. Os anos da cadea pasan moi rápido, sobre todo para quen non está nela. Esta figura xurídica non é efectiva, se o que pretendemos é reducir a criminalidade ou garantir unha orde social pacífica. Ninguén vai deixar de matar pola ameaza desta pena. Sosteen expertos penalistas que, máis que a dureza da pena, intimida aos posibles delincuentes a certeza da mesma, a certeza da pena, a elevada probabilidade ou posibilidade de ser descuberto e a efectiva condena. Exemplo, en España no 98% dos homicidios é atopado e culpado o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

delincuente; en México ou Honduras andan polo 2%. Pero, é que ademais, a cadea perpetua para nós é incompatible coa reinserción ou resocialización. ¿Que esperanza, que motivación ten o reo de recobrar a liberdade cunha pena tan longa, cunha revisión tan tardía e tan incerta? Algo que, por certo, contradí, que vostede mencionou, o artigo 3 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos. Os verdadeiros problemas que padece o noso Código penal veñen sendo a eficacia, a eficiencia do modelo policial e xudicial, non a necesidade de incremento das penas. Sería este outro debate complexo con medidas a curto prazo e seguramente máis custosas que o de optar soamente pola cadea perpetua, por moito que lle chamemos prisión permanente revisable. Nun Estado democrático e de Dereito, as penas xustifícanse racionalmente polos seus fins, inhibición de futuros delincuentes, por exemplo, ou pola idoneidade do seu deseño, proporcionalidade e humanidade para acadar eses fins. Polo tanto, non se poden tomar decisións baseadas nas emocións das familias das vítimas por moi lexítimas e dolorosas que sexan; ou nas emocións de 8 de cada 10 cidadáns. ¿Acaso non estamos criticando noutros eidos esa prevaenza do emocional e do irracional nos populismos tan en voga? E ¿caemos no emocional no eido penal? ¿recorremos a algo tan emocional como o sentimento de vinganza? ¿coidan que a vinganza é un fin lexítimo da pena nun Estado democrático? Reitero que non hai ningunha evidencia empírica de que canto máis longa e severa sexa a pena, máis delitos se van a evitar. Sen ir máis lonxe, vexan vostedes nos Estados norteamericanos que teñen a pena de morte ou cadea perpetua; mesmo nos europeos que teñen esta figura punitiva, como xa ben explicou o compañeiro do BNG. Póñolle un exemplo, Bélxica, hoxe en día teñen a 214 persoas condenadas a cadea perpetua, o índice de criminalidade por cada 1.000 habitantes é de 96,8; en España no 44,3. ¿Serviu para algo? Por certo, España, das penas de prisión que hai actualmente é a que as ten máis longas. ¿Falou vostede doutros países da contorna? en Alemaña o complemento mínimo da prisión permanente revisable é de 15 anos, en España de 25 ou ata 30. Certo é que é irrefutable que un reo condenado a morte ou a cadea perpetua non volverá a reincidir; pero ¿que esperanza depositamos no ser humano e na súa redención, na posibilidade de cambiar, de reeducarse, de reinsertarse na sociedade? O que lles pido é que fagan unha política penal seria, rigorosa, deixar de legislar en quente sobre as penas e, sobre todo, renuncien a ter réditos electorais destas cuestións.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Señor Ramiro, señor Rodríguez Suárez, ¿que é por vinganza? Se é revisable

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

nunca pode ser por vinganza, a vinganza faise unha vez e non se revisa. Unha cousa é traer aí o tema e vamos a dicir isto porque xa o trae escrito. ¿Como pode ser unha vinganza, cando é revisable? En segundo lugar, ¿inconstitucional? Non está considerado inconstitucional. ¿pódeme demostrar vostede aquí onde está escrito que sexa inconstitucional? Ou ¿que pasa? Que llo puxeron aí escrito e o di, pero onde está que é inconstitucional. Está incluído, ademais, no Código Penal da maior parte dos países de Europa. Pois, ¡oiga!, a Constitución dos demais países de Europa non é igual que a española ou a española igual que a dos outros países europeos?. Se fora moi inconstitucional, que non o é, non estaría nos demais países de Europa, Francia e Alemaña non creo que sexan países antidemocráticos. Se é defendido polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, non creo que sexa por vinganza. *Hombre*, non diga tanto o escrito que lle poñen aí. Di vostede que actuamos como política criminal e represiva. ¡home! ¿Os países de Europa que teñen esta figura no Código Penal, tamén actúan con políticas criminais e represivas? A reinserción social e a rehabilitación, para iso se revisa, por se o penado, nun momento dado e coas mellores garantías, pode saír libre, rehabilitado e reinsertado. ¿Están equivocados, señor Rodríguez Suárez, 8 de cada 10 españois? Señor Rodríguez Suárez, vostede confunde a taxa de criminalidade que, efectivamente tamén o dixo o señor Fraga Civeira, é das máis baixas de Europa con crimes horripilantes e execrables. Pode haber baixa taxa de criminalidade, como a hai, pero pode que nesa baixa taxa haxa crimes execrables. ¿Que ten que ver unha cousa coa outra? Di vostede, señor Fraga Civeira, que debemos dar resposta agora, neste momento. É un clamor social, tamén en Ourense. E aquí e agora estamos diante dunha cámara de representación política, polo tanto debemos pronunciarnos, señor Fraga Civeira. Fala de fiscais, creo, sei que cando a última vez que se pediu foi un fiscal entre lágrimas; polo tanto non xeneralice que o xeneralizar é a peor das mentiras. Miren vostedes, a prisión permanente revisable é unha pena limitada a moi poucos delitos, oito en concreto, oito: asasinato de menores, terrorismo con resultado de morte, asasinato despois de agresión sexual reiterada... En Alemaña está prevista para 20 casos, en Francia para 26 e en España para 8. Pois, ¡vaia política que estamos facendo, como di vostede, criminal e represiva señor Rodríguez Suárez! ¿Que poderíamos dicir entón de Francia e Alemaña cos casos que teñen?. É unha pena proporcionada ao delito do que se trata. É revisable por si mesma, se ao longo do cumprimento desa pena e se a evolución do penado é positiva, pódese revisar e aplicar doutra maneira e teremos ao penado, considérase, xa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

reinsertado e rehabilitado. Señor Rodríguez Suárez, está orientada á inserción social dos delincuentes porque así o establece a Constitución. Vostede parte do suposto de que é inconstitucional e dígolle, cando remate a miña intervención, demóstrame onde está a inconstitucionalidade para pronunciarse vostede; a non ser que sexa vostede o maxistrado que diga que é inconstitucional e que haxa que facerlle caso. É unha pena creada para protexer aos cidadáns, protexelos de persoas que cometeron delitos gravísimos e teñen que demostrar que están rehabilitados e xa poden vivir en sociedade. É o que se pretende. Efectivamente, igual, señor Fraga Civeira, non metemos medo, nin se pretende cunha Lei meter medo; pero o que se pretende, en todo caso, é que esas persoas que cometeron ese tipo de crimes cando saían á sociedade, saían rehabilitados e non cometan máis crimes ou o intenten, aí si que é esta figura penal. Por certo, foron partidos de esquerdas os que crearon a prisión permanente revisable, en Francia foi Mitterrand (¡home! , foi un gran estadista, do seu partido, señor Fraga Civeira) e foi o que creou esta figura, non reneguen del porque moitos estamos aquí por a esas figuras do seu momento. Non reneguemos de todo o pasado. Esta figura foi creada por un socialista ilustre, aínda que non fora español. É unha pena avalada polas institucións internacionais. O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, como acabo de dicir, pon unhas condicións, condicións que están na nosa Lei: que sexa revisable. En España aprobouse co informe favorable de todos os organismos, de todos, o Consello Xeral do Poder Xudicial que, por certo señor Fraga Civeira, figuraba como relatora unha compañeira súa, a señora Margarita Robles, non reneguen dela tampouco, non reneguen dela; tamén o Consello Fiscal e o Consello de Estado. Polo tanto, non fale de fiscais en xeral porque non son os fiscais ou non deben ser aos que vostede se refire. Polo tanto, o Partido Popular defende esta prisión para evitar que calquera de nós sexamos vítimas dun criminal que non se atopa en condicións de vivir en sociedade, aínda que cumprira a pena. Porque non basta con cumprir a pena para estar rehabilitados e reinsertados, non, haberá que ver, sobre todo neses crimes execrables como ben di vostede. Esta necesidade defénde a Lei que estamos a defender. Mire, teño dunha revista especializada, candoouben que tiña que defender isto, que di: *a pesar de que hasta mediados del año 2015 no existe la prisión permanente revisable en España*, señor Rodríguez Suárez, *sí había penas de muy larga duración en nuestro ordenamiento reservadas para los delitos más graves recogidas en el Código Penal*. Era unha cadea perpetua encuberta. Señor Rodríguez Suárez, non mire tanto o que ten escrito, dígollo e replicándolle ao que vostede dixo. Polo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

tanto, eu remato, como non, con dúas frases, con dous aforismos, *para ser libres e vivir en liberdade, hai que ser escravos da Lei*; en segundo lugar, o político e escritor francés Montesquieu dicíao: *una cosa no es justa por el hecho de ser ley, debe ser ley porque es justa*. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Señor Rosendo Fernández, eu, mire, estáballe lendo nos papeis estes que di vostede que estaba mirando, teño entre eles o manifesto contra a cadea perpetua asinados por *Juezas y jueces para la democracia*, nel din que *no ano 2015 reintroduciuse a cadea perpetua, unha institución desaparecida na nosa lexislación penal dende o ano 1928, durante a ditadura de Primo de Rivera, e á que se denominou eufemisticamente prisión permanente revisable; esta decisión pretendeuse xustificar na extrema gravidade dalgúns delitos. Co argumento de que cabía a revisión xudicial defendeuse a súa adecuación tanto ao artigo 25.2 da Constitución que impón que as penas privativas de liberdade se orienten á reeducación e reinserción social, como á lexislación doutros estados do Consello de Europa e á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Trátase dunha pena contraria á Constitución* (sigo lendo o manifesto destes xuíces, vendo o que din eles con respecto ao que dixen eu na miña primeira intervención, eu creo que ata me quedei corto) *Trátase dunha pena contraria á Constitución, pois contrapón principios básicos do dereito penal civilizado como son, entre outros, o de legalidade, temporalidade das penas e prohibición das penas inhumanas e degradantes. A regulación vulnera o mandato constitucional de orientación de penas á reinserción. Os centros penais en España atópanse saturados pese ás baixas taxas de delincuencia. Non se produce un investimento real en medios persoais e materiais* (cousas que xa denunciei eu na miña primeira intervención). *A contraproposta do Goberno, non só o mantemento, senón a extensión da pena a outros supostos, sen ningún estudo criminolóxico previo sobre a súa necesidade nin sobre a eficacia da reforma, é a resposta mediática a un problema mediático. É evidente a ausencia de política criminal, entendida como conxunto de medidas racionais dos poderes públicos dirixidas a previr e dar resposta á delincuencia, e a súa substitución pola propaganda populista. Manifesto contra a cadea perpetua, Xuíces e xuízas para a democracia. Xa o dixo o portavoz do Grupo Socialista na súa intervención, detrás desta iniciativa de vostedes o único que está e ese concepto de populismo punitivo. É moi criticable utilizar este tipo de sucesos que xeran alarma social para optar por este tipo de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

medidas que forman parte do que, como digo, se denomina o populismo punitivo ou populismo penal que o que fai é actuar sobre os instintos máis primarios, manipulando as emocións para buscar beneficios electorais. Estas medidas non son eficaces, beneficiosas nin útiles para a sociedade, xa que está demostrado que non rebaixan a delincuencia polo que se trata dunha visión da xustiza que é mais vinganza, insisto, que xustiza, e non favorece un debate serio e rigoroso sobre estes problemas. A asociación de Xuíces para a Democracia, xa no 2006, entendeu o populismo punitivo como a utilización política transversal do dereito penal para dar resposta inmediata a determinadas problemáticas sociais de gran repercusión mediática; deste xeito, os responsables políticos fanse eco das demandas de endurecemento das penas por parte das vítimas ou dos sectores sociais que empatizan con estas, ao producirse unha situación de alarma social dentro de sucesos criminais popularizados polos medios de comunicación de masas. Utilízase demagoxicamente o Dereito penal buscando réditos electorais e eludindo a análise dos factores estruturais que subxacen en todo acto criminal individual. Todo isto en detrimento do Estado do benestar e contradicindo os obxectivos democráticos avanzados dos estados sociais modernos. Por último indicar que, ademais, os presos que cumpren longas penas na súa maior parte non volve delinquir sendo a reincidencia nestes casos algo excepcional aínda que magnificado por tratarse desgraciadamente, en determinados casos, de delitos especialmente graves. Vostede tamén alude a esa suposta demanda social maioritaria, ¡home! Gustaríame tamén que noutro tipo de demandas, tamén maioritarias, dentro da sociedade foran vostedes tan receptivos como son neste caso á hora de propoñer o apoio a esta cadea perpetua encuberta ou prisión permanente revisable. Desde logo, o noso voto, como xa o manifestamos na propia Comisión Informativa, vai ser en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** nosotros nos vamos a abstener obviamente en esta moción que no procede, bastante hacemos con abstenernos y permanecer aquí en la sala. Simplemente decir una cosa, si tanto interés tienen en las leyes españolas, a ver si traéis un día una diciendo que se amplíe la pena a los políticos corruptos y a los políticos caciques. Realmente si tanto interés tenéis en eso, haced esa pena, que se aumenten las penas para que los políticos tengan menos corrupción. Esta moción para lo único que vale es para que aquí José Manuel Baltar aprenda algo de inglés, porque ¿cómo es el tema este? Permanente revisable, que sería un poco el equivalente a lo que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

es cuando en Estados Unidos conceden la condicional. Baltar, ¿sabes cómo se dice la condicional en inglés, o no? No lo sabes, ¿verdad? *Parole*. Y me pregunto si la palabra esa, *parole*, tendrá que ver con el tema latino. También sabrá Rosendo, *parole*, con el tema de hablar, de parlar, porque tienes que ir a una entrevista para que te concedan la condicional. A lo mejor tiene que ver con hablar, *parole, parole*. Es para lo que vale esta moción, para *parole, parole* y nada más. *Parole*.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas de novo. Señor Rosendo, vostede que é tan amigo de citas e aforismos, faga súa aquela de *en tempo de tribulaci3ns non é bo facer mudanzas*. Nisto pasa o mesmo, non é bo mudar o Código Penal a golpe de clamores sociais, é máis, a min ponme os pelos de punta o de tipificar delitos e penas a golpe de firmas, de sinaturas, redes sociais e demais elementos mediáticos. Mire, di o profesor Lascuraín Sánchez: *ni la más severa de las penas imaginables puede enmendar el pasado. A lo que sí debe aspirar, de la mano de buenas leyes, es a hacer lo posible para que tamaño delito no vuelva a cometerse. La pena no es un conjuro para corregir la historia, sino una estrategia para que el futuro no sea tan malo. Solo en ello encuentra sentido el sinsentido de encerrar a una persona*. Fálame vostede de Mitterrand, fálame vostede dos países da contorna que teñen a prisión permanente revisable. Compare vostede as penas máximas que teñen eses códigos penais co que contempla, o xa duro de por si, Código Penal español. Pero, ¿que esperanza de reinserción lle pode quedar a unha persoa se ten que cumprir 40 penas de prisión máis, despois desa posible revisión? Engádese algo fundamental nunha pena, incerteza; máis as medidas de seguridade que teña que soportar esa persoa. Se vostede fala aquí de como afrontamos determinadas medidas contra delincuentes e delitos, escasos por certo, faloume vostede dun único en España despois do 2015, ¿que medidas podemos aplicar fronte a eses delincuentes que son reincidentes? Iso é outra cousa. Iso é outra cousa, porque igual poderíamos falar de liberdade vixiada e doutras medidas. Porque o problema que se substancia é precisamente iso ¿que facemos con este tipo de delincuentes? Que vostede xeneraliza a un amplo abano, son poucos. Por certo, o que si van aumentando, dende a primeira reforma á proposta que vostedes fixeron ultimamente, é o número de delitos aos que lle aplican esta medida. Entramos nunha espiral que vai ser insaciable ¿a golpe de presión social vaise mudar a prisión permanente revisable e o tipo delituoso ao que se lle vai aplicar? ¿é iso o que vostedes propoñen? Mire, aos cidadáns se lles

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

protexe (di vostede que é o que se pretende con isto, protexer aos cidadáns para afastar a delinquentes que poidan reincidir pola gravidade dos seus delitos), aos cidadáns se lles protexe destinando recursos necesarios para que o sistema penitenciario funcione axeitadamente e sobre todo, e entenderame o señor Doval, para que o sistema educativo cumpra co seu cometido e lle deixe o menos traballo posible á aplicación do Código Penal. Cerro con dúas citas que, ao mellor, ao señor Doval e a vostede lle soan, que dicía alguén máis preto de nós como Concepción Arenal, *odia al delito y compadece al delincuente* e unha fundamental, *abrid escuelas y se cerrarán cárceles*. Eu creo que este é o camiño e non esas penas inhumanas. Por certo, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos o requisito que lle pon precisamente para estas penas é que non se perda a esperanza. Evidentemente, coa palabra “revisable” iso cúmprese, outra cousa é a realidade. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** si señor presidente. Señor Civeira, efectivamente san Ignacio de Loyola dicía que en tempo de tribulacións, non andes con mudanzas; pero aquí quen andou con mudanzas foron os partidos da oposición no Congreso porque esta figura está creada dende o ano 2015. ¿quen andou con mudanzas? Podería estar como estaba, foron vostedes quen miraron a oportunidade de poder derrogala e fixérono. Polo tanto, aquí quen mudou foron os partidos na oposición no Congreso dos Deputados, queda claro, ¿non? Entón a frase hai que aplicala a quen hai que aplicala. Hai catro meses desto. Outra cuestión, señor Rodríguez Suárez, vamos a ver, ¿como vai a ser perpetua? Ata o ano 2015 había unha cadea perpetua encuberta, aquí o que se trata é de facela revisable; polo tanto é populismo. Que quere vostede que, ante outras demandas, traíamos aquí, ¿que demandas hai que teñan o 80% do consenso, de 8 de cada 10? Dende logo o 80% dos cidadáns non votan ao BNG, iso segurísimo, está bastante por debaixo. Pena contraria á Constitución, repito aquí unha vez máis, ¿onde está a inconstitucionalidade?. Sigue confundindo, volveuno a repetir, e mire que llo aclarei, polo menos intentei aclararlló, diminuír a criminalidade non ten nada que ver con crimes horripilantes, pode haber moitos crimes, poden estar os cárceres baleiros, ou semibaleiros (baleiros nunca están, ogallá estiveran) e ser de crimes execrables. ¿que ten que ver? E máis, 8 de cada 10 casos, señor Fraga Civeira, hai que darlle os recursos necesarios. Mire vostede, se ten moitos máis casos Francia e Alemaña para esta prisión permanente revisable, ¿que quere dicir? ¿Que Francia e Alemaña non teñen recursos necesarios destinados a este fin? Oia, saúlle mal o tiro, saúlle o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

tiro pola culata, porque quixo dicir que España ten poucos, ou dálle poucos recursos a este tema, pero resulta que se os demais países de Europa teñen que poñer máis casos para a prisión permanente revisable, é que non destinarán moito menos e non creo que sexa iso ¿a que non? Polo tanto, cando poña exemplos, afine un pouco máis. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenzana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Apoiar a figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

2º.- Instar aos diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

3º.- Darlles traslado destes acordos ao ministro de Xustiza, aos grupos políticos do Congreso, Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.

### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN SERVIZO DO APARCADOIRO DO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** grazas de novo. Vou dar lectura ao contido da moción na primeira intervención, para dar a coñecer o contido da mesma, non a vostedes que seguramente o saben, pero aqueloutras persoas que nos estean escoitando a través doutros medios. A Xunta de Galicia impulsou nos últimos anos as obras da primeira fase do Plan director do Complexo Hospitalario de Ourense, coñecido como CHUO, a través do cal se construíu un novo edificio de máis de 55.000 m<sup>2</sup> e 10 plantas. Algo máis dos 25.000 m<sup>2</sup> corresponden ao bloque de hospitalización, distribuído en sete andares; sen embargo máis da metade da superficie da nova construción forma parte do denominado bloque de servizos xerais. Neste bloque de tres alturas,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

atópanse espazos para cociñas, servizos de mantemento, xestión de residuos, vestiarios, sala mortuoria, carga e descarga, almacéns e unha grande área de aparcadoiro cunhas 700 prazas. A pesar de que as obras están completamente rematadas e o edificio comezou a recibir pacientes hai cinco meses, o aparcadoiro construído con fondos públicos segue pechado a cal e canto e nada se sabe sobre a súa xestión ou posta en servizo. A propia Deputación Provincial pagou dos seus fondos a meirande parte do custes dos novos accesos ao aparcadoiro público. En concreto, cedeu os terreos gratuitamente e pagou case un millón de euros dos seus fondos. Sen embargo, a só unhas decenas de metros desta infraestrutura pública en desuso, unha empresa privada *disfruta* dun negocio millonario enchendo día tras día o parking propiedade da Deputación que ten concesionado durante unha longa tempada. Este parking, edificado en terreos de titularidade provincial, a pesar de ser imprescindible para moita xente, pois presta servizos a veciños e veciñas da provincia e mesmo do sur de Lugo que unicamente poden achegarse a este hospital en vehículo particular, é o terceiro máis caro da cidade ao alcanzar 1,625 € por hora. E para colmo, vai estar en mans privadas a súa xestión ata o 2050. Nun principio a concesión obtívoa unha empresa, contrata que cedeu co beneplácito da Deputación a outra empresa, a outra sociedade durante 48 anos; sen embargo, en 2009 este Goberno provincial acordou ampliar a concesión dous anos máis. O custe para as arcas públicas do rescate desta concesión é descoñecido, a pesar de que os grupos da oposición solicitaron en reiteradas ocasións un informe económico que aclare esta situación. É incomprensible que un suposto bo xestor público, como o presidente da Xunta, teña un servizo público clausurado mentres os cidadáns están a pagar tarifas elevadas e abusivas noutro xestionado por unha empresa privada. O aparcadoiro público ao que a Xunta de Galicia lle botou o caneado sen explicación algunha, segundo o proxecto ten esas 700 prazas, o parking de xestión privada de titularidade desta institución ten unhas 800. Ante estas cifras tan similares consideramos que a mellor forma de rescatar este necesario servizo pasa pola inmediata posta en funcionamento do aparcadoiro público do bloque de servizos do CHUO, de forma libre para os usuarios e usuarias, traballadores e traballadoras do Complexo sanitario desta cidade, a terceira de Galicia. De feito, en numerosas localidades estanse a implantar espazos de aparcamento gratuítos xunto aos seus hospitais. Este aparcamento xa está construído e pagado e, polo tanto, a súa explotación mediante unha concesión privada non a entendemos necesaria en ningún caso. Esa contrata

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

serviría unicamente para dúas cousas: encher as contas correntes dunha empresa privada e baleirar os xa *exprimidos* petos da veciñanza. É por iso polo que propoñemos o seguinte:

1º) *Que a Deputación provincial inste á Xunta de Galicia á xestión directa pública do aparcamento de 700 prazas construído no novo bloque de servizos do CHUO.*

2º) *Que se inste á inmediata apertura e a posta en servizo deste aparcadoiro e que se inste tamén á Xunta á implantación neste aparcadoiro dun sistema de control que regule o acceso libre e gratuíto para os usuarios e usuarias, traballadores e traballadoras deste Complexo Hospitalario.*

Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. O pasado mes de novembro realizábase de forma *escalonada* o traslado de pacientes para abrir o novo edificio do hospital de Ourense. A ampliación do CHUO incluía no seu proxecto a apertura dun novo aparcamento soterrado. Con todo, e pese a que os traballos xa están tamén finalizados, a instalación aínda está lonxe de abrir as súas portas. Segundo o SERGAS, o departamento de recursos económicos está pendente de publicar o concurso e confían en que este trámite se realice en breve. Trátase dunha infraestrutura moi demandada, tendo en conta que as opcións para aparcas nas inmediacións do CHUO son escasas e caras. O único parking de pago actualmente conta cunhas taxas abusivas, mentres que as opcións gratuítas son moi limitadas. Á espera doutras solucións, moitos veciños apostan por usar leiras privadas como alternativas, a pesares da presión que se exerce desde o concello, en forma da grúa municipal, para evitar que o parking actualmente en funcionamento deixe de facer caixa. Como xa se dixo, xa explicou o portavoz do Grupo Socialista, cómpre lembrar, cómpre insistir en que o único aparcamento que ata agora funciona na contorna do CHUO é privado, grazas a unha concesión da Deputación por un período de 50 anos. Xa se dixo, a adxudicación do contrato fixérase inicialmente a COPASA, que posteriormente llo cedeu a GEORSA, antes de que as instalacións comezasen a funcionar, no ano 2001, operación que contou co visto e prace do goberno provincial do Partido Popular. Estamos diante dun dos maiores roubos á cidadanía perpetrados na historia desta provincia; o outro, por certo, foi a finca Santamarina na que tamén está involucrada esta deputación, e que supón un dos negocios máis suculentos para a citada empresa. Nin que dicir ten que o BNG desde sempre se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

opuxo a que se privatizara ese espazo e reclamamos que fora un parking público, tamén puxemos de relevo as irregularidades que se produciron na formalización dese contrato; así como o feito de que se estiveran realizando determinadas actividades que non estaban contempladas no prego de condicións, cuestión que se emendou. Por desgraza, señores do Partido Popular, un non vai ao hospital en viaxe de pracer, vai por necesidade propia ou allea, e dificilmente pode atopar un espazo para aparcar se non é no actual parking; agás que se arrisque a que llo leve a grúa. Entendemos que poucas cousas hai máis perversas que lucrarse das desgrazas alleas. Por iso, parece de sentido común pensar que unha instalación construída con fondos públicos non precisa dunha explotación mediante unha concesión privada, xa hai un parking privado e de pago na zona. Por certo, como tamén dixo o portavoz do Grupo Socialista, aínda estamos agardando a que se nos dea un informe para valorar a posibilidade de recuperar ese servizo para o público; polo que nos vamos a sumar á petición do Partido Socialista para que o parking novo sexa público e gratuíto. Xa nos roubaron unha vez a carteira, agardemos que non o fagan unha segunda vez. Respecto á emenda que presenta o Partido Popular na que se pide que se licite axiña para que así comece a funcionar canto antes, nós, independentemente da decisión que tome o grupo proponente, neste caso xa lle dicimos que estamos totalmente en contra e imos a votar nese sentido. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, muchas gracias. A Dios lo que es de Dios y al César lo que es del César. Hay que reconocer que todas las intervenciones del Bloque están bastante bien documentadas, si esto tuviera un *rollo* audiovisual, o fuera un documental, saldría siempre en voz en off las introducciones del Bloque, son las que hacen un relatorio más documentado. Es curioso. De este tema decir que es bastante interesante, ideológicamente hablando, primero por un poco lo que es la trayectoria. Vamos a ver, para empezar, existe efectivamente allí un parking privado que es el que más aversión ha tenido en los últimos años hacia los ciudadanos y no podemos negar que tienen la culpa los tres partidos que están hoy aquí, excepto Democracia Ourensana que siempre lo denunció. Es decir, allí al lado tenemos lo que ha sido la finca Diputación, el robo de la finca Diputación; una finca Diputación que se vendió en la zona de los 7 millones de euros, más o menos, y que sin embargo ahora tiene una cifra de compensación, en caso de que quiera rescatar, que la estiman en 96 millones de euros. Así

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

que posiblemente el mayor robo de la provincia de Orense, obviamente perpetrado por el antecesor aquí de JM Baltar y también por Manuel Cabezas; pero ojo, también después por cómo fue refrendado en el Plan de Urbanismo, que quieren meter, por el Bloque y el PSOE, que el Bloque y el PSOE gobernaron la ciudad de Orense durante seis años (el PSOE ocho, con el Bloque fueron seis) y que también un poco avalaron aquel pelotazo. Si bien estaban antes en contra, una vez que gobernaron dijeron, donde dije digo, digo Diego. Decir que, obviamente, aquel era el gran sitio donde se podría haber hecho, con tanto terreno, un parking público para que en un caso, como bien se citó aquí, de máxima necesidad cuando se va a visitar a un enfermo, pues obviamente no haya que pagar ese dinero. Antes de que se me olvide, decir una cosa. Mucha gente que va al hospital y que va al parking a veces se olvida, yo lo tengo comentado y me doy cuenta, a veces es un error (no es que no tenga nada que ver con la moción, con la crítica, con el fondo, es simplemente una anécdota) que mucha gente dice: *¡Jo!, es que voy al parking de allí y es carísimo. Estoy allí 10 horas y me cuesta 25 €.* Yo le digo, que mucha gente no sabe, ¡pero si un taxi te cuesta 7 €! Cógete un taxi y vuelves en taxi, o en autobús, si no quieres ir en autobús por el tema de esperar, vas en taxi. Sale muchísimo más barato a veces el taxi que llevar el coche e ir allá, pero bueno... Tenemos aquí ese parking ahora que está hecho nuevo de setecientas y pico plazas y que está cerrado. El motivo por el que, en principio, permanece cerrado y se está dilatando el tema que lleva varios meses cerrado es, hay que decirlo, para favorecer mientras a la otra empresa. Cuanto más se tarde en abrir este parking, más se favorece a la otra empresa. Un parking que originalmente era de COPASA, pero como es todo negocio, todo negocio, ese parking se vendió a un fondo de inversión que controlan, creo, unos mejicanos. Es como si fuera una acción de bolsa. Lo que es un bien de primera necesidad para los ciudadanos orensanos, que era un parking público que nunca se tuvo que haber quitado en concesión porque era también en terreno público; pues se le cedió a una empresa privada que especula con él, que lo vendió a un fondo de inversiones y que, al final, acabamos pagando todos los orensanos. Respecto a este tema es muy interesante la enmienda del Partido Popular, es de risa. Dice el Partido Popular: *licitar con la máxima urgencia la adjudicación del nuevo aparcamiento del Complejo Hospitalario de Orense en las mejores condiciones económicas para pacientes, profesionales y trabajadores.* Esto es como no decir nada, es una tomadura de pelo, me recuerda a mi madre cuando voy a la

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

compra y dice: *trae plátanos que chos den bos*, solo faltaría. Pues esto igual: *nas mellores condicións económicas posibles para pacientes e profesionais. Isto é como non dicir nada, unha tomadura de pelo*. Luego dice: *licitar con la máxima urgencia la licitación del nuevo aparcamiento*; es muy interesante eso, tenemos un aparcamiento y lo vamos a licitar para que una empresa lo gestione. Es un tema fascinante de lo que es el capitalismo y el comunismo, o lo que es la gestión pública, vamos a ver. Efectivamente, si nosotros quisiéramos montar una empresa donde tuviéramos que entrar en competencia y donde hubiera una gran intervención de los seres humanos, es donde realmente ahí entra en marcha el tema de que muchas veces se privatizan cantidad de gestiones porque en el momento en que se involucra la capacidad humana y entran en juego los incentivos, los premios, los castigos, sobre todo los incentivos y sobre todo la libertad de oportunidades. Es decir muchas veces en un tema donde hay un gran campo de acción como es por ejemplo un comercio, vamos a imaginar que el Estado español quiere montar un *Corte Inglés*, la competencia del *Corte Inglés*; en el momento en que hay un campo de acción ahí es donde prima la libertad. Si nosotros aquí metemos a funcionarios con todo reglado, no podría competir nunca una empresa estatal con una empresa privada, ¿por qué? Porque tienen un campo de acción, de libertades, de incentivos que el Estado está totalmente cercenado y no puede hacerlo. Lo hemos visto, como por ejemplo ha sido, en la secuenciación del ADN humano. En el ADN humano se hizo un Consorcio público con unas reglas de cómo había que llegar a secuenciar todo el genoma humano y al final van siempre los típicos genios, totalmente al margen, con otras ideas, totalmente al margen del sistema y lo consiguieron antes, creo que fue Craig Venter, lo consiguió antes que todos los demás recursos públicos del mundo porque van por otro lado y sin estar tan encorsetados como el tema público. Por eso es muy difícil que las cajas públicas compitan con la banca privada (si bien es verdad que la corrupción está en todas partes y por eso ha habido más corrupción y se fueron más al tacho la banca pública que la privada, aunque las dos estaban tocadas e intoxicadas) porque en el momento en el que hay una involucración del ser humano, es bastante difícil que funcione igual la empresa privada que la pública. Algo aquí me llama la atención en la medicina y es curioso porque en la medicina, basado en esto que digo yo, debería funcionar mejor la medicina privada que la pública también; sin embargo no es así. Es algo que me llama la atención. Alguna vez que fui al hospital, me llama la

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

atención cómo atienden a nivel público y realmente alucino porque realmente no parecen funcionarios. Supongo que es porque, a lo mejor, en el tema de la sanidad hay también un tema de vocación, que no existe por ejemplo en otros campos, entonces ahí se suple el tema. No sé por qué, pero el caso de la sanidad me llama la atención. La sanidad pública puede competir en eficacia casi con la privada; sin embargo esto no ocurre en otros estamentos y en otras vertientes, por ejemplo, en lo que es el comercio público. Estamos pues ante el tema del aparcamiento. Si efectivamente en algunas cosas podemos tener dudas, en el aparcamiento ya es de coñas. En una cosa en la que solo hay que poner la mano para cobrar, que es lo mismo que en una autovía, esto es el colmo que se privatice. ¿Cómo vamos a sacar a concesión una historia tan estúpida donde no se necesitan recursos humanos y es solo poner una barrera, una mano, una moneda para que la gente pague? ¡Hombre, por favor! Es una tomadura de pelo. Si no somos capaces de gestionar un parking, es que entonces hay que dimitir. Esto de aquí es de una inutilidad absoluta. Es lo más fácil del mundo. Podemos decir una cafetería, ¿deberíamos sacarla a concesión o no? En la cafetería ya hay una gran involucración de seres humanos, de cómo se gestionan cantidad de recursos, de toma de decisiones distintas en cada momento; entonces, a lo mejor, podemos sacar a concesión una cafetería, un restaurante público, pero, ¡hombre!, un parking que es poner la mano y cobrar; en caso de que queramos cobrar, porque en este caso nosotros podríamos apostar por lo que dice la petición de la enmienda del PSOE, en la que sea gratuito, votamos a favor. Bien podría ser gratuito, o cobrarse siempre algo, porque lo gratuito tampoco funciona mucho. Porque, ojo, gratuito, gratuito, la gente que va allí lleva un coche y el coche ya tiene un gasto muy grande. Esto me recuerda, también, cuando se quería que en la Carrera de San Martiño no se cobrara nada, *¡hombre, es que hay gente que no tiene dinero!*; ¡cómo no tiene dinero para pagar tres euros de la carrera de San Martiño, si llevan unos tenis que cuestan 100 €, por Dios! O sea, tampoco tiene que ser gratuito, estamos a favor, pero ojo, que la gente no va andando, tiene coche; el coche tiene un gasto. Así que alguien que va en un coche que tiene un gasto muy elevado y nosotros miramos lo que vale un coche amortizado al término de cada mes, si un coche dura 10 años amortízalo por mes con los gastos que tiene, ¡ojo! Que sale en 200-300 € al mes. Entonces, hombre, si tienen que pagar de parking 2 € al día, tampoco está mal. No hay que pagar la animalada que están pagando ahora. Apoyamos la moción, si bien es cierto que tampoco

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

tiene que ser gratuito. Eso, es una tomadura de pelo y esto no se puede sacar a concesión porque aquí no hay nada que gestionar, es solo poner la mano y cobrar. Entonces es una tomadura de pelo.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. ¡Que fácil é xestionar un parking! Por iso o 99% dos parkings hospitalarios están privatizados no Estado español, como vou a demostrar despois. Efectivamente, tras o investimento de máis 41 millóns que permitiron dar unha superficie de 52.000 m<sup>2</sup>, dos que máis de 25.000 corresponden a hospitalización, hai que darlle agora contido ao aparcadoiro, parte necesaria, non diría imprescindible, pero si necesaria da actividade principal. Pero, en primeiro lugar precisar, señor Fraga Civeira, o seu argumentario e que o repetiu aquí; pensei que so ía a quedar en letra, pero tamén o vocalizou. Mire, efectivamente no ano 2009 o Goberno provincial do Partido Popular acordou ampliar a concesión de dous anos máis do parking da Deputación (din vostedes), eu dígolle, ten razón. Ten razón pero, que atenda tamén o señor Rodríguez Suárez, recordarlles toda a verdade. O goberno bipartito municipal do BNG - PSOE, que empezou a gobernar esta cidade no ano 2007, concretamente no 2008, un ano despois, sen encomendarse á Deputación como propietaria dun parking (parece que tiña un concelleiro que presumía moito de xestión) chega a un acordo coa concesionaria do parking polo que a cambio de que a concesionaria realizara (e realizou) a rotonda e accesos á entrada do parking e hospitais (aínda están aí esa rotonda e eses accesos), o Concello dá-lle permiso para ampliar unha planta máis do parking. A parte do BNG, fíxese si sabía de xestión, ben que lle interesaba que estivera privatizado. *Veña, nós no Concello imos a acordar que temos maioría entre os dous Grupos, dámoslle unha planta máis ao parking e vostedes fannos estas obras.* E así se fixo. Claro, a feitos consumados, xa se realizaron as obras, vén a concesionaria á Deputación e solicita dous anos máis e apróbbase, porque dicía que había que compensar economicamente a obra feita. O negocio foi redondo para o bipartito, ten as obras e non *apoquinou* nada. Vostede isto non o dixo, señor Rodríguez Suárez; claro, xa sei que non estaba alí, pero isto foi obra e gracia da ala nacionalista ou do BNG daquel goberno que acabou como o rosario da aurora. ¿Estamos de acordo? Pero non o dixo, por iso que, ás veces, hai que recordar as cousas. Efectivamente é o terceiro máis caro. Primeiro, andaban dicindo que era o primeiro, non, é o terceiro e tamén lle vou a explicar

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

por qué. Porque no seu momento, estiven eu metido no medio porque era na época do SERGAS, acordouse unánimemente, os sindicatos así o solicitaban - os sindicatos sanitarios - para que os traballadores, que naquel momento aparcaban libremente no terreo que estaba onde está agora o parking do Hospital, se lles rebaixara a tarifa. E si, rebaixóuselle. Hai sobre unhas 300 prazas por debaixo de prezo de mercado. Pero digo e repito, foi feito naquel momento, e non reneguemos, co beneplácito da maioría. Polo tanto, a día de hoxe, ¿como están as cousas? A Deputación cobra un canon de 49.262 € ao ano, ata o 2009 cobraba 37.262, e faltan para rescatar a concesión 33 anos. Pero vostedes piden rescatalo (cando acaben de falar, siga), pero non obviemos varias cuestións, señor Fraga Civeira, a parte do investimento pendente de amortización, ou beneficios pendentes, ou beneficios futuros. Eu non sei calcular isto, porque di que viñeron aquí a ver canto supoñía: millóns de euros. Pero tanto a parte do investimento pendente, do beneficio pendente, que vería tamén a subrogación do persoal e o custe de xestión, habería que facelo e afortunadamente aquí non estamos en Venezuela. Habería que facelo. Polo tanto, ¿canto custaría o rescate? Pois millóns de euros, pero habería que ter en conta eses parámetros: parte do investimento pendente de amortizar e beneficio pendente ou beneficios futuros. Efectivamente, o edificio de servizos xerais do CHUO, Complexo Hospitalario de Ourense, dispón dun aparcadoiro, pero actualice os seus datos, señor Fraga Civeira, que hai uns días o seu novo líder, don Rafael Rodríguez Villarino, foi alí (foi o mesmo que, por certo, dixo que había que *desparasitar* a Deputación, non sei se chegaría a *desparasitar* o novo parking; aquí na Deputación hai homes e mulleres que non necesitan desparasitalos. *Desparasitar* só se *desparasitan* aos animais, pero bueno, el dixo que había que desparasitar a Deputación. Empeza ben o líder, empeza ben), pois o líder foi alí, plantouse alí e di que había 700 prazas e non hai 700 prazas. Dígalle que hai un total de 553. Segundo, das que 130, das 553, están xa reservadas (vostede isto non o sabe, señor Pérez Jácome, por iso falou o que falou) para uso gratuíto de profesionais e traballadores e, ademais, continuarán tendo á súa disposición outras 100 prazas de acceso libre das que hai hoxe públicas. Polo tanto, non é que haxa 700 prazas, que non as hai, o líder equivocouse; senón 553, 130 están reservadas e hai 100 máis de acceso libre. Polo tanto o Servizo Galego de Saúde, tamén lle teño que dicir, non conta cunha relación de postos de traballo con persoal especializado, nin con experiencia para a xestión de aparcadoiros con acceso

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

público, como vostedes demandan. ¡Que non debe de ser moi fácil! Logo voulle a pór exemplos, na segunda intervención, como están os hospitais, por exemplo, en Andalucía. Levan 40 anos gobernando Andalucía e non teñen un aparcadoiro dun hospital público. *Oiga*, é difícil. Pero véñennos a dar leccións aquí de como hai que xestionar un aparcadoiro publicamente. Dende logo, non teñen a mesma forma de mirar os socialistas andaluces que os socialistas galegos; *pero bueno*, ese é, en todo caso, un problema de vostedes. Por conseguinte, tamén lles podo dicir que a intención do SERGAS é licitar este servizo baixo as condicións máis vantaxosas (por iso nós na emenda puxemos iso, o máis vantaxosas posibles) sempre suxeito ás limitacións de prezos e canon que non repercuta nos orzamentos públicos. ¿Que quero dicir con isto? Que é o que non se pode é detraer de fondos sanitarios, estritamente para atención sanitaria, para o aparcamento. Polo tanto, será nas mellores condicións que non repercuta nos orzamentos públicos. Non facer negocio, non, pero que tampouco dea perdas. As prazas para o persoal, esas 130 prazas, abriranse unha vez remate a instalación da aplicación informática precisa para o control de acceso (planta -2). Non é fácil. Aquí fálase de xestión, ao descoñecer os atrancos, fálase facilmente. Hai que limitar para que sexan neste caso os traballadores os que teñen que ir, e non outro tipo de persoal, e polo tanto tan pronto remate a aplicación informática da planta -2, abrirase xa. Precisemos. Polo tanto, aparcamento do CHUO, non son 700 prazas, senón 553; das que 133 están reservadas para o uso gratuíto de profesionais e traballadores e continuarán a disposición outras 100 prazas de acceso libre como hai a día de hoxe. Dicirlles que a licitación está en marcha e xa se está intentando abrir a parte gratuíta do persoal pendente do sistema informático que deixe pasar, que deixe acceder, durante as horas de traballo. Por iso, e en consonancia, a nosa emenda. En consonancia co que acabo de dicir, tan fácil como iso; aínda que a vostedes lles resulte en plan broma, como ir a buscar plátanos, di o señor Jácome. Os plátanos, efectivamente, poden estar maduros ou poden estar verdes e non é o mesmo tomar un plátano verde que un maduro. Puxo mal exemplo. Polo tanto, cando di bos, como di a súa nai, é que está falando de plátanos, pero dos plátanos que se poidan comer ao momento, que ao mellor verdes amárganlle. Polo tanto: *instamos ao Servizo Galego de Saúde a licitar coa máxima urxencia a adxudicación do novo aparcadoiro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, nas mellores condicións económicas posibles para pacientes, profesionais e traballadores.* ¿Por que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

poñemos isto? Porque hai prazas para traballadores, para profesionais e para o público e hai que tamén aplicar, ter a aplicación informática para que pase ao aparcamento quen ten que pasar e non calquera que queira ir e deixa, incluso, o coche alí aparcado de noite se vive polo lado, ou non vive polo lado. Polo tanto, todo ten a súa *enxundia*, non é falar así de xestión. Por agora, nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Señor Rosendo Fernández, vostede todo o arranxa co bipartito, como se fose un mantra. É doado recorrer a un bipartito, pero a vostedes non lle fai falta, gobernan en solitario, tanto no Concello, como aquí, como na Xunta. Non precisan recorrer a un bipartito, nin ao pasado. Estamos falando da actualidade, estamos falando do presente. E mire, no presente é inconcibible que ese parking estea pechado. Non sabemos o porqué. Vostede explicounos con profusión a diferenza de número de prazas, as reservadas para traballadores e tal. Mágoa que non nos explique os motivos polo que está pechado, porque a nós resúltanos difícil de crer que, dende outubro do ano pasado que se abriu o edificio e sobre todo tendo en conta a necesaria previsión que hai que ter de abrir ese parking, que todo isto estea parado pola instalación dunha aplicación informática. ¡Xa manda truco coa aplicación informática! O certo é que o que temos, non só nisto, no do parking, o certo é que temos uns servizos sanitarios de segunda se os comparamos cos galegos e galegas que viven, sen ir máis lonxe, na franxa atlántica. Temos falado aquí de cirurxía pediátrica, temos falado do colapso de emerxencias, temos falado do peche de camas e no Pleno pasado trouxemos aquí unha moción sobre a moi necesaria ampliación do servizo de hemodinámica. Fíxese por certo, señor Fernández, se tiñamos razón que nestes días soubemos da nosa reivindicación que o SERGAS vai ampliar o servizo ata ás dez da noite, que xa lle digo que nos parece insuficiente, mellor algo que nada, pero seguimos estando nunha situación de discriminación co resto dos galegos e galegas, sobre todo de Coruña e de Pontevedra. A isto, sumamos a falla de prazas de aparcamento que é do que estamos falando agora. Certo é que non é unha prestación sanitaria, pero estou seguro que, tanto se vostede como eu, buscamos nos orzamentos do SERGAS partidas que non sexan gastos sanitarios, seguramente tamén as atoparemos. O que non queremos é que isto se pague dúas veces. Miren, non hai máis que achegarse ao Complexo Hospitalario para comprobar todo isto que lles estou contando. Case todos os que acudimos alí, estamos obrigados a pagar unhas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

cantidades abusivas para aparcar un coche; mentres mantemos un aparcamento pechado e pagado xa con diñeiro público. Queremos que os usuarios, traballadores e traballadoras que acudan alí (acoden alí non por pracer, senón por necesidade) non teñan que o pagar outra vez. A iso nos referimos co de que sexa gratuíto, máis alá dos gastos de mantemento que poida ter o parking. A nós, de verdade señor Rosendo Fernández, esta situación énos difícil de explicarllo á cidadanía. Fágano vostedes se poden. Pero sobre todo vostedes, a parte de explicarllo, si poden facer outra cousa porque gobernan, como xa dixen antes, na Xunta, no goberno de aquí, é tomar decisións e quitarnos esta pesada carga á cidadanía de encima. Mire, non precisa ir a Andalucía para falar de parkings, póñollo máis cerca, no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, no CHUS, a parte dun aparcamento privado alí, hai un aparcamento en superficie enorme que ás mañás, nas horas das consultas, sexa difícil de aparcar no primeiro momento; pero á tarde, os familiares que van alí ás consultas de tarde, ou que van a atender e quedarse cos seus pacientes, atopan onde aparcar sen pagar de xeito fácil. Coñezo ben a situación. En Vigo, o alcalde propuxo, non sei se o ten rematado ou non, o de construír un parking gratuíto. Non necesitamos ir a Andalucía, ten vostede exemplos máis cerca, máis preto de nós, é cuestión de vontade política, señor Fernández, e é algo tan esencial e tan básico como a sanidade. Non lle estou falando de algo que vostede descoñeza, algo que xunto coa educación, é o que máis nos iguala a todos en oportunidades. Eu o que lle digo é que, por todo isto, ¡home!, non nos abonda coa emenda que nos fan (por certo, agradezo o apoio á moción dos outros grupos da oposición) porque eu a vostedes que están mandando esíxolles algo máis que o contido desa emenda que fan. É dicir, si, boas intencións, pretender quedar ben sen pagar nada. O que lle esiximos son compromisos e que tomen decisións; son vostedes os que as teñen que tomar, non os que están na oposición. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** bueno, supongo que muchos de ustedes ya lo saben porque ya es noticia, no todos lo sabrán, pero muchos sí lo habrán recibido, que ha habido una sentencia, firme no porque cabe apelación, en la que se condena (lo digo porque Rosendo conoce bien el caso) al anterior alcalde de Orense, a Paco Rodríguez, a siete años de inhabilitación por el tema de las asistencias externas y también a la persona con quien tantas bullas tuviste, a Áurea Soto. Fíjate que curioso, a siete años de inhabilitación, supongo que al ser funcionaria también le

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

influye, ahora está de funcionaria en el Concello de Santiago y le afecta. Esto lo saco a colación, esta sentencia que acaba de salir, un poco al razonamiento que empezaba diciendo Rosendo que decía el 99% de los hospitales tienen delegado el tema del parking, lo que es la gestión, la tienen en concesión el 99%, entonces hacía un razonamiento *ad populum*. También te podría yo decir que el 99% de los ayuntamientos en España estaban haciendo asistencias externas que es por el tema que han condenado ahora al alcalde. Entonces, es un razonamiento *ad populum*. Es más, a lo mejor dices tú 99%, a lo mejor el 1% del que hablas es el Concello de Ribadavia. Pues el Concello de Ribadavia es un ejemplo de que gestionándolo de forma pública, funciona mejor que de forma privada. Funciona mejor ahora de forma pública que de forma privada. Pues el Concello de Ribadavia es uno de ellos. Mira, me haces gracia, porque realmente cuando se dan las cifras dices 40.000 al año. El parking actual está pagando 40.000 al año de canon para la Diputación. Si lo pones al mes, son 4.000 al mes. 4.000 euros al mes están pagando por todo ese parking. Oye, yo le doy 12.000, déjame explotarlo a mí que yo en lugar de 4.000, pago 12. Porque, ¡vaya chollo! Pagar 4.000 € al mes por eso. Luego dice quedan 33 años, o sea, ¡qué no le queda al tío para lucrarse! ¡33 años! Que amortiza la obra, seguramente, en 9 años. Pero tú tranquilo que 33 años no se va a lucrar, como Democracia Orensana consiga la alcaldía próximamente, esperemos que sí, haremos un parking gratis o muy barato, de forma que automáticamente el valor de este se vaya al tacho y se pueda rescatar por cuatro duros. Este se podrá rescatar pronto y muy barato. Respecto a este tema, apoyamos totalmente la moción del PSOE y sobre todo quiero criticar aquí lo que dijo Rosendo. Decir: *como se fora fácil gestionar un parking*. Pero hombre, si es lo más fácil del mundo. Te voy a decir varias pruebas. Primero, muchísimas veces las empresas como El Corte Inglés, Carrefour, Ikea... tienen externalizados varios servicios, como por ejemplo son los informáticos. En el momento que hay una involucración de conocimiento y seres humanos, se externalizan porque, claro, tú no das a basto, eres incapaz de controlar todo y externalizas muchos servicios, ¿vale? Pero nadie tiene externalizado el servicio de parking. Tú te crees que Carrefour: *non, o parking é súper complexo, dádelo a unha empresa que senón vólvemento o parking*. Pero seguramente el parking es lo más fácil de Carrefour, cualquier pasillo es más complicado que el parking que tiene el Carrefour. Y lo mismo El Corte Inglés, tú ves que El Corte Inglés: *uf, cualquiera gestiona aquí el parking de Gran Vía de Vigo, dallo*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

*a outro que nos volve tolo o parking.* Es que es una tomadura de pelo. Fíjate si será fácil de gestionar un parking, fíjate si será fácil que hasta Francisco Franco, el dictador Franco, había de aquellas, antaño, aquellas personas que tenían una minusvalía, lisiados, le daba para gestionar; cuando aparcabas por ejemplo en sitios públicos eran los que controlaban aparca aquí, aparca allá. Fíjate un dato, el otro día fui a Pontevedra a la estación de autobuses y allí hay sitio para aparcar; pues para regular eso, de forma ilegal, está gente de la calle, gente marginada de la calle, que son los que, cuando vas por ahí, dicen: *¡eh, aparca aquí, aparca aquí!* Te gestionan, te buscan un sitio, van a ayudar a la gente para que le des un euro. Es gente que prácticamente está mendigando. Bueno, pues una persona, un mendigo, es capaz de gestionar un área de 100 plazas, un mendigo, ¡qué tú me digas que es difícil gestionar un parking público, cuando hasta en ciertas zonas lo gestionan los mendigos, hombre, por favor, parece una tomadura de pelo! Luego me dices que yo no sé cuántas plazas hay. ¡Hombre! Yo me fié de las plazas que dijo el PSOE, desde luego yo no me puse de noche con una linterna a contar las plazas que hay allí. Pero si el PSOE puso 700...Que no son 700, que son cuatrocientas y pico, no cambia nada, es una tomadura de pelo. El parking está hecho, se hizo con dinero público. O que é difícil é facer o parking, porque iso si é difícil; pero unha vez que está feito e se pagou con cartos públicos, gestionalo agora, que é o máis fácil, que llo queirades dar a unha empresa privada para que se lucre...é o que facedes sempre no Partido Popular. De todas formas, a todo cerdo le llega su San Benito y con esa forma de actuar ya vemos cómo está yendo en las encuestas el Partido Popular. Te voy a decir una cosa, lo que no quiero Rosendo, te lo digo a ti y a tu jefe, es que cuando peguéis un batacazo aquí en las próximas elecciones que digas: no, es que el PP ahora bajó en toda España y no tenemos culpa. O sea, cuando la cosa va bien es por vosotros y si va mal, es por la tendencia nacional.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Vamos a ver, ¿como vai a ser fácil para o Servizo Galego de Saúde, si na RPT non ten persoal para xestionar o parking? Segundo, é difícil, é máis que difícil, complexo porque hai que saber quen entra. Aí poden entrar persoas da rúa, calquera de nós, traballadores e persoal. ¿estamos de acordo? E non debe ser moi fácil, cando digo que a maioría dos hospitais do sistema público de saúde, tanto en Galicia como fóra de Galicia, téñenos privatizados como lle vou a dicir despois. ¿Estamos de acordo? Porque na RPT do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

SERGAS non hai persoal, ou ¿mandamos a un celador, a un auxiliar? Non, contratamos xente. Claro, Capítulo 1. Cando a función primordial do Servizo Galego de Saúde é dar atención sanitaria, non atención de aparcamento. Tamén me fai moita *gracia* que vostedes, e que se sume o BNG e o PSOE, cando temos un concello en Ourense (non vou dicir o nome porque xa o poden descifrar) que eses que reparten non gañan, gañan a medias, entón se reparten; primeiro empezou a gobernar o BNG (está mirando o señor Bautista para min porque sabe o que lle vou a dicir) e agora está gobernando o PSOE e, non só non mantiveron, senón que ampliaron, as concesións. Ese concello preocupábase estes días pasados porque o ADIF privatizara un servizo e resulta que, nese concello, limpeza, gardaría, ludoteca, a máquina para varrer, privatizado; eventos: o Codillo, o Barco Fest, incluso 4.000€ pola organización, privatizado; o vertedoiro, a súa organización, privatizado; as piscinas, adxudicación mediante concurso, privatizado; asesorías para confeccionar as nóminas, privatizado; recadación faino unha empresa privada, nin sequera a Deputación; a recollida de lixo está delegada, esta si, na Deputación. Ou sexa, que o BNG e o Partido Socialista, adalides de que sexan públicos os seus servizos, este concello fai unhas declaracións que ADIF privatizou uns servizos e ten todo privatizado. Non predica con exemplo, realmente non predica con exemplo. Dicirille hospitais, por exemplo, eu comprendo, señor Fraga Civeira, que lle custe, como lle adiantei que lle ía dicir o que pasa onde gobernan vostedes, onde gobernan dende hai 40 anos. Hospital Virgen de la Macarena, en Sevilla, alí o que vai, sexa traballador, sexa xente da rúa, uns 3 € por hora. Non é fácil assimilar isto. Hospital Virgen del Rocío, 2,40€ a xente que vai da rúa e 0,45€ para os traballadores. *Precio por acudir al Hospital. La privatización del Servicio Andaluz de Salud, el SAS, hará del aparcamiento de los Hospitales General y del Provincial Reina Sofía, crítica de los sindicatos, organizaciones de consumidores y vecinos que consideran la decisión inaceptable y que pretende recaudar a costa de los pacientes.* Eu non sei se haberá dous partidos socialistas, moi diferentes e diferenciados entre Galicia e Andalucía. *Izquierda Unida exige que se amplíe el aparcamiento del Hospital Juan Ramón Jiménez y que sea público ya (resulta que non é público, este en Huelva). Funcionarios a dos velocidades. En Málaga el Hospital Carlos Haya de cero plazas reservadas para profesionales sanitarios. Sin espacio, los médicos que a diario deben ir a trabajar al Hospital Carlos Haya no disponen de ningún aparcamiento reservado, igual que los*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

*usuarios*. Estes xa non teñen nin pagando, nin sen pagar. Aquí ao Partido Socialista élle moi fácil xestionar e ter aparcadoiros. *Los usuarios del Hospital Costa del Sol tendrán que pagar por aparcar* (Costa del Sol queda en Málaga). *El SAS garantizó una rentabilidad superior a la del mercado, para el parking Reina Sofía de Córdoba*. ¿Para que vou a seguir? Despois fan vostedes no seu argumentario exemplos de Castellón e Cartagena. Teño aquí o aparcamento de Castellón, a verdade que poucos collen, poucos coches collen no de Castellón. Pero mire, acábolle de dicir que hai 100 prazas aquí totalmente libres, máis 130 que se van a pór. Non me fale vostede, señor Fraga Civeira, do que pasa no CHUS que está ao aire libre; do do Meixoeiro, que vou por razóns obvias, pero cando teño que ir alí, ¿sabe o que teño que facer? Que vou rápido porque saio de aquí, igual ir aparcar a dous quilómetros, porque alí está apartado. E claro que é fácil de xestionar, como di o señor Jácome, está alí ao *gorrilla*, pero ao *gorrilla* impórtalle quen aparque ou deixe de aparcar, con tal que lle deas o euro de propina. ¿Que exemplo me pon? Dígolle, no Meixoeiro, se vostede vai toda a mañá como teño ido eu moitas veces, teño que aparcar a dous quilómetros, ou ir a unha finca que ten alí o *gorrilla* de *turno*. Polo tanto, non me poñan ese exemplo, señor Fraga Civeira. Hai que ser claros e hai que ser concisos. Mire, a min paréceme oportunista que vostede diga que se leva dende outubro co tema. Efectivamente, hai uns meses de retraso, ¿por que? Porque tamén se iniciou con rapidez para dar o principal que era a hospitalización aos pacientes que o necesitaron. Unha vez acabada coa hospitalización, con esa función, vén o aparcamento. Leva tres meses de retraso, ¿pois lévaos! Pero mire, ata din, que mal intencionados son que é porque así aparca a xente no outro Hospital. Cunha concesión a 33 anos vista, con tres meses, catro, cinco ¿que rendibilidade lle vai ser? Mire, señor Jácome, o das asistencias técnicas é mentira que o teñan todos os concellos, é mentira. Asistencias técnicas das que está a falar vostede e por iso esa sentenza que non quero nin recordala, era porque tiñan a os asistentes técnicos traballando cos traballadores do Concello. Cousa que eu, como coñecen moitos, critiquei e advertín e non se me fixo caso. Non era por ter unha asistencia técnica, iso si todos o podemos facer, pero externa, non unha asistencia técnica onde se collen aos traballadores e se poñen a traballar cos demais traballadores que de aí a sentenza. Polo tanto saiba distinguir moi ben. Son cousas diferentes e diferenciadas porque traballaban en horario da función pública, dos traballadores públicos, e con recursos dos traballadores públicos, ían

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

de vacacións poñéndose de acordo cos traballadores públicos etc, etc... De aí vén o problema. Miren tamén que agora se ampliou, non o achquen vostedes o horario de hemodinámica. Eu xa lle dixen que o Regaliam era o parámetro e o criterio polo que o seu estudo facía ver si se necesitaban máis horas de apertura ou non na hemodinámica. Estudouse, como aquí se solicitou, e se ampliou o horario. ¿Qué temos que aspirar a que sexan 24 horas? Pois si que temos que aspirar ás 24 horas. Pero en todo caso, ¿lémbrense dese Regaliam do que tanto lles falei? Este é o criterio obxectivo polo que nos debemos mover porque, ante todo, en sanidade a eficiencia tamén é un termo a ter en conta. Nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. A verdade é que non tiña pensado xa matizar xa máis cousas porque creo que está todo suficientemente claro e quería deixar este *turno* de peche para outras cousas. Pero, dende logo...Mire, nós dixemos o de 700 prazas porque nunha nota de prensa da Xunta de xaneiro de 2014 fala de 700 prazas de aparcamento e no proxecto estaban 700 prazas de aparcamento. ¿Por que hai menos? Non o sabemos, agora que xa que nolo di vostede, gustaríanos, non neste Pleno, pero cando sexa, ou o SERGAS, nos explique por que hai menos prazas. Nós baseámonos nas que viñan no proxecto. Despois, home, vou ter que pedirlle ao señor Jácome o libro ese das falacias porque eu diso non controlo, pero algunha lle haberá que aplicar ao que fai vostede de comparar magnitudes que non son comparables. Dígolle outra cousa, home, recorre vostede a exemplos de hospitais de Andalucía, cando eu e a maioría dos ourensáns cando imos ao parking, pagamos o que temos que pagar alí, nin sabemos onde están nin sabemos onde están estes hospitais. Acordámonos do que temos que pagar. De todas as maneiras, dígolle unha cousa, se vostede quere imitar algo e tomar como exemplo, tome o bo, non tome o malo. Tome o bo. Non me veña con exemplos. Vostedes poden dicir, fágano. Con respecto ao da hemodinámica, vou a empezar a crer nas casualidades, fíxese vostede, ¡que casualidade! o mes pasado trouxemos esa moción, vostede emendárona e agora, 15 días, 20 días despois, un mes escaso, o Regaliam, o Sergas ou quen sexa nos regala unhas horas máis de hemodinámica. De regalar, que sexa o regalo completo, que nos regale as 24 horas. Remato dicindo que eu quería facer neste *turno* de peche algo máis importante que é dirixirme ao señor presidente para pedirlle que, igual que fixo causa da folga das mulleres, do día de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

Rosalía, faga desta tamén; desta causa a súa. Pídlle que lle poña remedio a a esta situación de discriminación e agravio que padecemos os cidadáns desta provincia. Fala gala da súa ourensanía, porque, mire, non concibimos ourensanía sen ourensáns. Dende logo, isto aféctanos a todos os ourensáns de xeito moi grave e discriminatorio. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a licitar coa máxima urxencia a adjudicación do novo aparcadoiro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), nas mellores condicións económicas posibles para pacientes, profesionais e traballadores.

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA FACER UN DIAGNÓSTICO PROVINCIAL DAS PERSOAS QUE VIVEN SOAS NOS CONCELLOS DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** bos días a todos e a todas. Moitas grazas señor presidente. Vou a facer un breve relatorio do que expón a moción que di que a soidade afecta a numerosos fogares do denominado mundo desenvolvido; sobre todo dende que a esperanza de vida aumentou de forma significativa e se produciron migracións cara ás cidades. No caso do noso país, Galicia, este fenómeno difúndese polo mapa de xeito especial, establecéndose a pasos axigantados tanto nas zonas urbanas, como rurais e afectando, de forma especial, ás persoas maiores máis vulnerables.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

As cifras do Instituto Nacional de Estatística falan por si mesmas, do total dun millón de fogares rexistrados en Galicia o ano pasado, preto de 267.000 están integrados por unha soa persoa e, desta cifra, uns 122.000 corresponden a persoas de 65 anos ou máis; sendo 19.874 persoas maiores de 64 anos as que viven soas na provincia de Ourense. Galicia é a comunidade máis envellecida de España, case o 25% do censo son persoas xubiladas, e as provincias de Lugo e Ourense están entre as dez rexións máis envellecidas da Unión Europea, segundo a Axencia Eurostat. De feito, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, ata un total de 35.587 fogares están compostos por persoas de 65 anos ou máis no ano 2016 na nosa provincia. Estas cifras, nas que Ourense sempre lidera os peores postos, teñen correlación coa baixa taxa de crecemento demográfico que presenta a provincia de Ourense. Como exemplo, Ourense é a provincia galega coa porcentaxe máis alta de fogares que contan cunha soa persoa menor de 16 anos, sendo esta cifra do 81,73%. Sirvan estes datos para termos idea do problema ao que nos enfrontamos que, lonxe de minorar, só aumenta. A crise demográfica golpea especialmente á nosa provincia e a soidade é unha das súas máis nefastas consecuencias. Recentemente acabamos de saber pola prensa que no Reino Unido a primeira ministra británica Theresa May anunciou a creación dunha Secretaría de Estado para tratar un gran problema que vai unido á maior esperanza de vida e que afecta alí a máis de 9 millóns de persoas, tanto mozos como maiores, no Reino Unido; é dicir, o 14,24% da súa poboación aproximadamente fronte ao máis do 25% na nosa provincia de Ourense. Con estes datos enriba da mesa, consideramos que será a hora de tomar decisións para detectar os problemas que afronta cada día este segmento de poboación: saúde, alimentación, hixiene, doenzas, acompañamento, trastornos xeracionais, etc... para tentar resolver, na medida do posible, as súas carencias. De feito, ao poñermos atención suficiente en tentar evitara as consecuencias da soidade, tales como os descoidos á hora de velar pola propia saúde e integridade, estamos contribuíndo a previr situacións de dependencia destas persoas. Hai que pensar que as cifras nas listas de agarda nos concellos da nosa provincia, tanto para o recoñecemento da situación da dependencia, como para que se efectúe a intervención unha vez recoñecida son alarmantes. Se fomentamos a autonomía persoal das persoas que viven en soidade, prolongaremos a súa calidade de vida e que atrasen a súa condición de usuarios da dependencia. Por non falar de que moitas destas persoas viven en zonas rurais dada a distribución territorial da nosa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

provincia; polo que evitaremos o abandono dos fogares y fomentaremos certa actividade laboral vinculada a esta problemática. A Deputación provincial ten entre os seus mandatos a colaboración cos concellos, especialmente cos que non teñen persoal suficiente para diagnosticar persoas con problemas derivados da soidade e que viven sos a meirande parte do ano; veciños e veciñas nos que moitos casos as Administracións máis achegadas son os concellos e nada saben da súa situación. É por iso que se fai imprescindible ter unha radiografía por núcleos de poboación de cada Concello para diagnosticar que tipo de servizo é necesario implantar en cada territorio: teleasistencia, axuda no fogar, comida a domicilio, servizos de limpeza, acompañamento, talleres especializados, horarios de visitas veciñais, actividades terapéuticas, etc... Cremos que se fai imprescindible realizar un estudo de campo para detectar ás persoas maiores que viven soas en situación de alto risco para deseñar as medidas necesarias co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida, poñendo os medios e creando ou aumentando os servizos a nivel individual e social; é polo que o Grupo Socialista propón a adopción do seguinte acordo:

*1.- Que esta Deputación elabore un informe no que se recolla o censo de persoas soas de todos os municipios da provincia de xeito detallado en colaboración coas entidades locais e co Colexio Oficial de Traballadores Sociais e co Colexio de educadores e educadoras sociais de Galicia.*

*2.- Que esta Deputación poña en marcha un Plan Provincial con dotación orzamentaria suficiente para a súa entrada en vigor no ano 2019 ao que se adhiran os Concellos interesados con medidas concretas de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia en persoas que vivan soas.*

De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. En primeiro lugar, aledarme de que a vice - voceira do Partido Socialista volva a estar entre nós e escoitar outra vez a súa voz neste salón logo de recuperarse dese pequeno incidente que a tivo afastada durante uns meses. Indo ao que é a moción, dicir que non existe un rexistro como tal de persoas maiores que viven soas, aínda que houbo un intento dende a Consellería de Política Social fai anos pero non se chegou a materializar. A pesar

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

diso, segundo a enquisa de condicións de vida do Instituto Galego de Estatística, hai máis de 122 mil persoas maiores de 65 anos que viven soas en Galiza, das cales máis de 19.000 están na provincia de Ourense. A práctica totalidade dos concellos da provincia tampouco contan con tal rexistro, aínda que teñen unha aproximación en base aos servizos municipais que utilizan esas persoas maiores soas, e tamén a través de servizos como o de teleasistencia que permiten ter unha idea bastante aproximada; de feito, son cada ano máis as persoas solicitantes do servizo. Esta situación, cada vez máis habitual no noso país por desgraza, e en especial na nosa provincia, fai que nos atopemos con moita xente que non evidenciando un deterioro físico evidente, por enfermidade, senilidade, prefire estar na súa casa aínda que sexa só e resulta difícil convencela de que estaría mellor nun centro. Cada vez hai máis poboación envellecida e tamén máis situacións de soidade, porque onde antes residían xunto cos avós parte da familia, que quedaba traballando, agora xa non reside, quedando os pobos abandonados e os maiores realmente sos. Coa creación, como xa se dixo, no Reino Unido, nomeadamente, dunha Secretaría de Estado para a soidade dos maiores o Goberno británico vén de pór negro sobre branco un grave problema que afecta a Europa e que cobra en Galiza tintes de dramatismo. A preocupación inglesa susténtanse máis aló dos aspectos psicolóxicos relacionados con esa necesaria urdime da seguridade emocional que todo ser humano precisa. Estudos feitos conclúen que 10 anos de soidade dun ancián supóñenlle ás arcas públicas un custe de preto de 7.000€ por individuo; mentres que cada euro investido na súa prevención xera un retorno de tres euros. É así por canto constata un estudo da London School of Economics non deixa de ser un problema de saúde pública a miúdo asociado a enfermidades cardiovasculares, demencia, depresión e ansiedade. Para poder facer un diagnóstico en condicións, que permita tomar as medidas adecuadas, hai que saber cales son as causas desta situación. O que parece evidente é que as políticas que está a implementar o Goberno, a través da Estratexia Galega de Envellecemento Activo, non están a dar os resultados apetecidos. Galicia ten a segunda taxa de natalidade máis baixa e a mortalidade máis alta do Estado. Morren o dobre dos que nacen e a inmigración non funciona. Chegan poucos inmigrantes e aumenta a diáspora galega, moita con elevada formación, a dos nosos mozos e mozas que son expulsados e obrigados a emigrar. Galiza perde poboación, e polo tanto riqueza, por todas as vías posibles. O resultado é unha sociedade irremediabilmente condenada por idade a ser cada

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

vez menos dinámica e innovadora, con menor capacidade para conter a caída da natalidade, tirar do consumo e impulsar o crecemento. O problema, amplamente diagnosticado e descrito, adquire xa *tintes* dramáticos sen que os poderes públicos estatais, nin os galegos, ao fin e ao cabo os principais interesados, parezan tomar dunha vez por todas conciencia da súa verdadeira dimensión. O escenario demográfico é tan dramático que, segundo as propias estimacións da Xunta, Galiza podería chegar a 2050 cun 40% menos de poboación que ten na actualidade; é dicir, un millón de habitantes menos se non logra corrixir os saldos negativos das dúas últimas décadas. De momento, na miña primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** gracias. Primeiro decir que me mandan aquí una rectificación sobre lo que dije antes de la sentencia, que solamente es para esas personas para cargo público, con lo cual eso e nada, case é o mesmo. É como cando aquí condenaron a José Luis Baltar por inhabilitación cando xa estaba jubilado, xa ves, impórtalle un bledo. A estas personas si ya estaban sentenciadas también políticamente porque eran casi cadáveres políticos, entonces que los sentencien para cargo público cuando realmente el electorado no los iba nunca a elegir, la sentencia realmente no tiene efectos prácticos. Lo que realmente le debería ir es a su condición funcional, porque mucha gente con la que he hablado que son políticos y funcionarios (la mayoría de los que están aquí son políticos y funcionarios, no todos, pero una mayoría sí). Recuerdo mucho una palabra que una vez me dijo (y demuestra también un poco el desprecio a los demás), me lo dijo una vez Valcárcel, que había sido compañero aquí de Rosendo en el Ayuntamiento de Orense, cuando había ido él solo en las listas por última vez y quedó fuera, estaba hecho polvo y me dice: *¡boh! Mira, pensándolo bien, yo soy funcionario y que le den por culo a la política*. Es decir, si no chupo por un lado, chupo por otro. Es lo que me fastidia de ahí, que esta gente sigue beneficiándose porque Áurea Soto está en Santiago de funcionaria cobrando, además, entró de la forma que entró, hubo varias denuncias pero al final quedó ahí, varias alegaciones pero al final se quedó ahí. Vamos ya con este tema en cuestión. ¡Ah! Antes solamente rescatar lo que me decía Rosendo, un argumento que decía: *¿cómo vamos a gestionar nosotros el parking si no hay RPT para ello?* ¡Hombre! Pero se crea o se dota. Si hasta tenéis, me acaban de mandar mensajes, tenéis arquitectos en el SERGAS, informáticos, hay de todo y resulta que no se puede crear

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

una *historia* para gente que controle un parking. ¡Válgame Dios! Es que si fuera la máxima tecnología y conocimiento gestionar un parking. ¡Hombre, macho! Que no es nada nuclear. Si dijéramos que ahora vienen unas nuevas resonancias magnéticas que hace falta gente, expertos, vale; pero un parking, ¡por Dios! Ya te digo, hasta gente que son mendigos casi, lo gestionan. Respecto a este tema, nosotros queremos decir que apoyamos aquí esta moción del PSOE sobre el tema de la soledad en las personas mayores. Apuntar aquí un tema que no descartamos traer aquí una moción en el futuro, aparte de apoyar esta de aquí, en Democracia Orensana nos han apuntado que una necesidad importante, que estamos mirando que sería interesante, que el gran problema de la provincia de Orense muchas veces es que habría que crear, no ya centros de día con la personas mayores, sino algo que prácticamente no existe que serían centros de noche. Es decir, muchísima gente mayor está capacitada para llevar una vida, más o menos, de día y luego necesitan que las controlen de noche. Entonces, a lo mejor, sería importante explotar esa necesidad que podría ser realmente algo muy importante para la provincia de Orense. Centros de noche, no centros de día. Apoyamos totalmente esta moción del PSOE en un tema que tiene que ver con la despoblación de Orense. Estos son los números que cantan y no toda la publicidad que hace José Manuel Baltar. Los números que cantan son estos.

**D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular:** grazas, presidente. Bos días a todos e todas señores e señoras deputados, benvinda Elvira. A poboación de Ourense é unha poboación que, polo lóxico paso do tempo, precisa de máis coidados, en especial aquelas persoas que viven solas ou quedan solas tras a marcha dos seus fillos e fillas, ou o falecemento das súas parellas. Circunstancias estas que son moi habituais neste segmento da poboación. A vellez e a soidade van, na maioría dos casos como xa falamos aquí, aparelladas. Coincidimos con vostedes en que estas persoas requiren dunha especial atención por parte das administracións, polo que parece oportuno facer unha diagnose real destas situacións coa mellor exactitude posible, poñendo á súa disposición os recursos máis axeitados para cada caso de necesidade. Por outro lado, dicir que este labor de recollida de datos xa se vén facendo non con este fin, pero podería achegarnos a unha realidade no propio padrón de habitantes dos concellos, onde cada concello posúe os datos correspondentes ao número de habitantes, ás idades así como tamén ao número de membros das unidades de convivencia, podendo detectar dunha maneira, máis ou menos fácil, situacións de soidade. Isto tamén, en

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

contra un pouco do que dixo Elvira, complementábase cos servizos sociais de cada concello, cada traballador ou traballadora social, cada concelleiro ou concelleira, cada alcalde ou alcaldesa coñecen case á perfección, con moito detalle (igual nas vilas grandes non, pero si na maioría dos concellos pequenos) aos seus veciños, ás súas veciñas, as súas condicións, as súas limitacións. Coñecen, ademais, os recursos cos que contan para dar resposta a cada necesidade e, de facer esta diagnose, seguro que aínda descubriríamos outras novas necesidades que nin sequera, ao mellor, teriamos pensado. Mesmo un traballo destas características podería levarnos a descubrir novos nichos de emprego na atención e servizo das persoas maiores. Por todas estas razóns, o Grupo Popular está de acordo na necesidade de facer un estudo coa imprescindible colaboración entre administracións e facendo esta Deputación o labor de coordinación coas distintas entidades locais, para coñecer a realidade e adaptar as respostas ás necesidades desde unha perspectiva de prevención, loitando para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas. A Deputación de Ourense, pola súa banda, xa vén de traballar no ámbito das persoas maiores a través da Área de Benestar; sempre en disposición de apoiar cos seus recursos todas aquelas accións que os concellos teñan a ben dirixir aos seus veciños e veciñas, en especial ás persoas maiores. Neste mes e neste mesmo pleno fai uns intres, e na liña que acabamos de falar, vimos de aprobar o Programa BenOurense de cooperación económica coas entidades locais para o servizo de axuda no fogar. Un recurso que, como ben saben, é dos máis necesitados e solicitados polos alcaldes e alcaldesas da nosa provincia para a atención das persoas maiores nos seus fogares, manténdoo así o máis tempo posible no seu entorno e na súa área de confort. Este Goberno provincial, co seu presidente á cabeza, e en resposta a estas demandas incrementou a partida destinada á axuda no fogar (o que denominamos SAF básico) ata preto dun millón de euros. Isto supón un incremento de 200.000 euros máis respecto ao do ano pasado, ademais facendo especial fincapé, como xa explicou o meu compañeiro e portavoz Plácido, naqueles concellos que menos recursos teñen. Ademais de todo isto, contamos co servizo de teleasistencia domiciliaria gratuíto (gratuíto, hai que dicilo, porque a teleasistencia ofrécena tamén outras empresas pero non é gratuíta; o da Deputación é gratuíto) para todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense. Un servizo moi demandado e de grande utilidade na prevención e detención das persoas no seu domicilio; facéndose case imprescindible para as persoas maiores que vivan soas, mobilizando recursos existentes no caso de que sexan necesarios e mediante o servizo de seguimento periódico. Este

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

seguimento periódico é moi importante porque evita situacións lamentables de todos coñecidas e que ultimamente, día si e día tamén, aparecen nos medios de comunicación; persoas que vivían soas e foron atopadas despois de varios días ou meses falecidos nas súas casas sen que ninguén se decatara. Con este servizo de teleasistencia gratuíto e que fai un seguimento, canto menos quincenal no peor dos casos, faría que estas situacións non se deran na provincia de Ourense. Señorras e señores deputados do PSOE, o Grupo Popular apoia esta proposta; primeiro, porque é necesaria e segundo, porque xa temos a ferramenta creada. É por iso que nós lle presentamos unha emenda a esta moción. A ferramenta creada simplemente a debemos orientar cara a unha liña social, é polo que presentamos a seguinte emenda que vén a dicir e os acordos son:

*- Impulsar unha liña de actuación social no marco do Observatorio Económico Ourensán que recolla, en base a unha análise demográfica, a estrutura dos fogares na provincia, con especial atención á poboación que vive soa nas zonas rurais.*

*- Ampliar a dotación orzamentaria do programa BenOurense 2019 para, en coordinación cos servizos sociais, atender ás necesidades detectadas en cada concello.*

Na miña primeira quenda de intervención nada máis e, na mellor das disposicións, agardamos que tomen en consideración estas propostas. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. Coincidimos coa exposición que fixo o compañeiro do BNG (moitas grazas a todos por alegrarse da miña volta). Con respecto ao que comentaba o portavoz de Democracia Ourensana, falaba da creación de centros de noite, si que é verdade que nalgúns vilas, nalgúns concellos xa existen, son vivendas tuteladas onde a xente simplemente vai a comer, ten unha vida máis ou menos independente e regresa a ese centro para pernoctar. Polo que respecta á proposta que fai o Partido Popular, dicirlle que non podemos aceptar a emenda por varias razóns. Falaba na súa exposición de motivos a señora deputada que o paso do tempo, é dicir, a vellez vai asociada á soidade; pero non sempre, non sempre a vellez. Na moción tamén se recolle un pouco o sentido de que hai moitas persoas que non son vellas ou non están na franxa de idade que se considera como *terceira idade* e que tamén están soas, que moitas veces teñen problemas, que teñen patoloxías que quen mellor diagnostican esas patoloxías son os médicos de familia; non só a asistente social. Con respecto a que se coñece en cada concello a situación das persoas que viven alí

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

polo padrón de habitantes e polo número de membros das familias, tampouco é certo. Como acaba de reflectir na súa parte última da intervención, moitas veces decatámonos pola prensa deses casos dramáticos, de que aparecen persoas falecidas nos fogares onde, nin sequera os veciños do pobo saben que están sos nin saben nas condicións en que viven a súa soidade. Polo que respecta aos servizos sociais de cada concello, é certo que coñecen moitos casos, pero non todos. Coñecen os casos, moitas veces, das persoas que se achegan a demandar eses servizos sociais. Pero nós queremos, con esta moción, ir moito máis alá. Polo que di, que sería unha nova fonte como nicho de emprego, si é certo porque estamos a falar na nosa moción que ese estudo o faga o Colexio Oficial de Traballadores e Traballadoras Sociais e o Colexio Oficial de Educadores e Educadoras Sociais que por certo, teñen elementos de diagnose moitos máis completos que os que pode ter o Observatorio Económico Ourenán. Preocupeime de ver este Observatorio e o que recolle na súa páxina web son datos, datos fríos estatísticos que se recollen do Instituto Galego de Estatística na meirande parte dos casos. Entón, esta actuación social parécenos que sería unha *pestaña* máis na que acceder e poder ver alí que número de persoas, pero a min non me interesa tamén saber o número de persoas, a nós o que nos interesa é saber que coberturas, que necesidades teñen esas persoas que viven soas para realmente poder ofertar un tipo de servizos. Mire, voulle a poñer un exemplo, na Consellería de Política Social existe un programa que se chama Programa Acompaña. Descoñezo se algúns de vostedes, que son alcaldes, que son concelleiros e que levan temas de asuntos sociais nos seus concellos, coñecen este Programa e se saben se algunha organización, algunha asociación, ou algunha persoa voluntaria está anotada neste rexistro para prestar algún destes servizos. Paréceme que non e a algúns sóalle incluso a chino. Pero queremos ir un pouco máis alá e poñer en valor, por exemplo, o que fai o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso, que é un exemplo, nunha pequena localidade da Limia, onde se fai unha labor de inclusión social; onde se fai unha labor de cursos de formación para *insertar* moitas veces a persoas con risco de exclusión e, moitas veces tamén, a mulleres no mundo laboral; onde se da unha cobertura como un centro de día, onde teñen un establecemento de residencia para persoas da terceira idade; onde tamén funciona un albergue que, día si e día tamén, e visitado por colectivos de nenos e non tan nenos, onde se producen intercambios en forma de voluntariado con países da Unión Europea, con traballadores sociais e con educadores

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

sociais e onde tamén se reparten preto de setenta comidas a domicilio en cinco concellos da comarca. Polo tanto, se non queremos converter esta provincia e o resto do territorio galego, pero sobre todo esta provincia e a provincia de Lugo, nun parque temático da terceira idade, fagamos algo porque a demografía desta provincia así nolo esixe. Polo tanto, nós vamos a manter as nosas propostas que van na liña de que se faga un informe exhaustivo para coñecer cal é a situación real de cada concello desta provincia e que esta Deputación poña en marcha un Plan provincial específico para estas persoas. Parécenos que o servizo de axuda a domicilio, o SAF básico, non é suficiente porque o servizo de axuda a domicilio funciona os días da semana e nalgúns concellos as fins de semana non funciona. Polo tanto, cremos que a nosa proposta é máis acaída con respecto á moción que presentamos e non imos a aceptar as emendas que propón o Partido Popular. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. En primeiro lugar, e como saíu o exemplo do CDR O Viso, aproveitar para facer un recoñecemento do inmenso labor que fai este centro alí en Lodoselo e que é un exemplo de xestión e un exemplo de iniciativas. A mágoa é que non existan máis CDR O Viso en todos os pobos e en todos os concellos da nosa provincia e de todo o País. Con respecto á moción, o dos nosos anciáns sos, non deixa de ser un síntoma dunha consecuencia, dun problema de fondo, ao que eu intentei referirme na miña primeira intervención e no que vou a insistir agora na segunda. Porque que a bomba acabe por estalar é só cuestión de tempo si ninguén se pon a desactivala. Galiza ten pendente unha gran reconversión, a demográfica, que require cambios estruturais para os que non valen políticas cortoplacistas. O máis perentorio é crear emprego de calidade que invite aos mozos a quedarse na súa terra, si así o desexan, ou a vir desde fóra para labrarse aquí un futuro. Pero ademais hai que apoiar ás familias con moitas máis axudas directas: vantaxes fiscais, prazas de escolas infantís suficientes preto dos lugares de traballo, horarios que permitan a conciliación, facilidades no acceso á vivenda..., xa que co implantado ata agora, a tenor do visto, estase aínda moi lonxe dos obxectivos desexados. A natalidade non depende do voluntarismo da poboación, senón das circunstancias económicas e a conxuntura non invita a ter fillos. Só a riqueza e o traballo que sexamos capaces de producir acabarán enchendo por si sos a Galiza baleira. A falla de políticas demográficas activas e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

cribles foi unha carencia constante dos sucesivos gobernos, tanto galegos como españois e incluso europeos. Si difícil era abordar o problema con diñeiro cando a economía ía vento en popa, moito máis o vai a ser agora, con fondos minguentes. Galicia recibirá de Europa só as axudas que sexa capaz de pelexar, en dura competencia con outras rexións e maioritariamente destinadas a proxectos de innovación. O Estado español ten pendente a revisión do seu modelo de financiamento autonómico, onde outros buscan sacar tallada a costa do que reciben territorios como o galego, penalizado polo sobrecoste do envellecemento e a dispersión á hora de sufragar os necesarios servizos básicos. Por iso está ben ter rexistros, políticas de envellecemento activo, pero o importante é crear as condicións para que a xente en idade de traballar, especialmente no rural, non teña que marcharse porque, se iso se produce, en moitos casos deixa maiores no camiño e lume nas portas das casas. Nós vamos a apoiar a moción do Grupo Socialista nos seus propios termos, aínda que non nos parecía de todo mal a emenda que nos presentaba o Grupo Popular. En todo caso, por respecto precisamente ao grupo proponente neste caso, vamos a votar a favor da moción e vamos a votar en contra da emenda. Nada máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas. En primeiro lugar eu diríalle a Elvira Lama que eu penso que, vamos a ver, o padrón de habitantes eu dixen que era algo aproximado, tampouco dixen que fora...¿vale? Iso en primeiro lugar. Nos concellos rurais, aquí hai bastantes alcaldes e bastantes alcaldesas e todos somos concelleiros e todos sabemos, case todos coñecemos aos veciños, sobre todo nos concellos máis rurais; de feito, estábame recordando o meu compañeiro Antonio que nos incendios deste verán, que asolaron Galicia, unha persoa salvouse grazas a que un concelleiro sabía onde había unha persoa nunha casa. Eu creo que, *lógicamente*, iso hai que reforzalo e facelo dunha maneira oficial. A nós parécenos que o Observatorio Económico Ourense é unha ferramenta moi adecuada, toda vez que todos saben que ten unha parte socioeconómica, pero ten tamén unha parte demográfica onde se contempla a poboación por concellos, a poboación por comarcas, o índice de avellentamento...varios índices que, *lógicamente*, habería que seguir traballando en colaboración, xa dicimos, *siempre*, coas entidades locais e cos servizos sociais e todos xuntos, nun labor conxunto, facer unha radiografía e unha diagnose (niso estamos de acordo). Despois, no segundo punto, dicimos ampliar a dotación orzamentaria do BenOurense para, en base a esa primeira diagnose, achegar os recursos segundo a demanda,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

segundo as necesidades da poboación. A nós parécenos que é a solución máis *lógica*, un pouco aproveitando os recursos que temos, por iso imos a manernos coa nosa emenda. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** vamos a ver, isto non é un capricho. Parécenos que o Observatorio, que son recursos propios, pero para facer unha diagnose mellor a xente que está preparada e ten coñecementos fundados para facer esa diagnose, que son os traballadores sociais e os educadores sociais que para iso son especialistas. A min de nada me vale, ou de nada nos debería valer, facer unha táboa estatística que apareza nunha *pestaña* do Observatorio e que non vai máis alá e logo despois poñer os recursos. Os recursos, por suposto, económicos; pero tamén os recursos humanos dos que dispoñan os concellos e todos aqueles que se poidan implementar en base, xa digo, a ese censo e a esa poboación que temos recoñecida que está nunha situación vulnerable. Ese é o sentido da moción, por iso non podemos aceptar a emenda de substitución que formulan vostedes. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Impulsar unha liña de actuación social no marco do Observatorio Económico Ourensán que recolla, baseándose nunha análise demográfica, a estrutura dos fogares na provincia, con especial atención á poboación que vive soa nas zonas rurais.

2º.- Ampliar a dotación orzamentaria do programa BenOurense 2019 para, en coordinación cos servizos sociais municipais, atender ás necesidades detectadas en cada concello.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

**10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RECUPERACIÓN DAS MARXES DO RÍO LOÑA E DO RÍO MIÑO NO ENTORNO DE OURENSE COMO PASEO FLUVIAL.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción o Grupo Popular presentou unha emenda e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, gracias. Dos temas antes. Trajimos aquí una vez una moción, al Concello de Orense y también a la Diputación, para explotar la plaza de Abastos del Puente, con explotación y exaltación de productos gallegos y ustedes la tacharon de ocurrencia, creo que fue Plácido me parece, que era una ocurrencia. Esto fue hace un ano, año y pico y ahora sale aquí, en la prensa, en *La Voz de Galicia: proyectan un nuevo espacio gastronómico en O Paxoal que creará 90 empleos directos*, para explotar una plaza de abastos con esa filosofía. O sea, lo que vosotros decíais que era una ocurrencia, lo van a hacer en Santiago, va a crear 90 puestos de trabajo y todo eso. Para que veáis un poco la forma que tenéis de valorar las propuestas de los demás, se dice que es una ocurrencia y punto, *ao carallo, xa está*. Lo mismo que decías del parque acuático, os reíais y, al final, Núñez Feijóo lo tuvo que prometer también en campaña electoral. La moción que hoy llevamos aquí, tiene un poco que ver con esto que voy a decir en esta introducción y es que una cosa es lo que tengas y otra es lo que puedas hacer para que luzca. Pongo este ejemplo, si ustedes (a lo mejor una vez que ahora lo escucha la gente a través de la televisión, los informáticos de la Diputación cambian esto, pero si nos están viendo en tiempo real o algo pues no les da tiempo), si ustedes ponen en internet: *provincia termal* (lo digo porque nos han llamado varias personas que han hecho esto), como la Diputación se gasta muchísimo dinero en promoción que normalmente no vale para nada, sí que es verdad que de vez en cuando cae alguno y mira; entonces si ustedes ponen en internet: *Ourense provincia termal, Ourense provincia termal* el primer *link* que sale es el de la Diputación, Ourense provincia termal, para el termalismo. Entonces el primer *link* que te sale es el de la Diputación, pinchas allí te sale: Tomo III y Tomo I. Ya vemos como realmente gestionamos aquí la promoción del termalismo. Todo lo que sea gastar el dinero público en promoción, *o que faga falta, pero despois, á hora da verdade, pinchas e sáech*e Tomo III y Tomo I. Eso es lo que hay. Tiene un poco que ver esta introducción con lo que digo porque Ourense, aquí nosotros tenemos un gran potencial con

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

lo que es el senderismo incluso en la zona urbana y realmente falta una serie de toques para que realmente dé el salto que necesita. Nosotros lo que pedimos aquí en esta moción es, leo literalmente los dos puntos que pedimos: *que la Diputación de Orense impulse el acondicionamiento de los paseos fluviales del río Loña y del Miño, tal y como fueron descritos en esta moción y, al mismo tiempo, solicitar a la Diputación apoyo activo mediante labores de asesoramiento normativo, técnico de la Confederación Hidrográfica y bla, bla, bla....* Es decir, pedimos realmente un acondicionamiento de los paseos fluviales de la zona del río Loña y también del río Miño. Nosotros próximamente en Ourense llevaremos una moción en la que vanos a pedir que se haga un concurso para ver de qué forma se puede poner un poquito más en valor, más bonito, lo que serían todos esos paseos. Pero lo aquí pedimos, ahora es distinto, se trata un poco de acondicionar no ya sólo lo que es la zona urbana, sino las limítrofes. Por eso pedimos el apoyo de la Diputación, porque no sólo del Concello de Orense. En este de aquí, pedimos además que sea necesario, en este tema de los *camiños*, que involucre a zonas como es, obviamente, por ejemplo, el Castro de San Tomé. Yo conozco muchísima gente que le apetece ver los castros y realmente se pierden, llegan, no saben cómo continuar. Efectivamente, la gente que controla del tema del senderismo puede hacer una ruta de senderismo sin ningún problema; pero la gente que no *controla* del tema del senderismo pues, primero que hay zonas en las que parece que están cortadas y que realmente no es seductor porque no te pone como en una ruta en la que veas que es algo seductor. Esta moción de aquí es un impulso de Domingo Castro, un concejal nuestro de Democracia Orensana, y recuerdo una vez él, explorando uno de estos temas, nada más empezando a ser concejal, un domingo a la tarde empezó a explorar todas estas rutas por la zona del río Loña hacia arriba (tiene zonas, no es que sean paradisíacas, pero son bonitas que hay que poner realmente en valor y que animarían a que los orensanos hiciésemos más senderismo en la zona limítrofe a Orense ciudad y los ayuntamientos de al lado) y recuerdo que en esta zona –lo dejé allí el domingo- estaba mirando toda esta zona y dijo: *eu voume quedar por aquí mirando, xa vou solo a Ourense. Ao cabo dun rato chamoume e díxome: Jácome casi me matei, mira, esvarei todo para abaixo, ao final non sei como me agarrei alí a unas herbas que había e salveime no último momento, senón vou ao río.* Yo dije: hombre, menos mal que no te pasó nada ahora; pensándolo para el partido, imagínate si mueres, en tus funciones le pondríamos *Ruta Domingo Castro*, a la nueva ruta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

que había, *Ruta Domingo Castro*. Bueno, es una persona que lleva mucho tiempo con este tema y realmente ve que es necesario establecer una ruta y ampliar y mejorar todo eso y que, además, debería ir con una en el Miño. Vosotros sabéis en el Miño, la pasarela de Outariz, ahí es donde acaba, pues es fundamental, sería bueno más que fundamental, continuar ese paseo (en una moción que llevamos a Ourense) y que fuera hasta la zona de Untes y hacer una nueva pasarela que, obviamente, debería ahí financiar la Xunta de Galicia, la Diputación y hacer una nueva pasarela más allá de la de Outariz en la zona ya de Untes donde, además, daríamos vida también a la zona en la que está viviendo la gente en el concello de Toén y sería ampliarlo más allá de Outariz. Además, daríamos vida al camping de Untes que, posiblemente, allí acabe siendo el futuro parque acuático de Orense, donde está actualmente el camping de Untes porque podría ser incluso más idóneo que la zona de Oira debido a los problemas que la Confederación Hidrográfica pone en la zona de Oira, que era nuestra primera opción y sigue siendo, pero ponen unos problemas por la cota 500 que es la línea de inundación y entonces la zona en la que podemos operar es muy pequeña porque ponen unas limitaciones muy grandes al haber inundaciones. Entonces, Oira habría que dejarlo para una ciudad deportiva y, a lo mejor, el parque acuático tendría que ir en Untes; con lo cual haríamos un recorrido que ahora mismo el circuito de Orense, que serían 12 km, en vez de 12 km pasaría a ser de 21, sería casi incluso una media maratón. Daría muchísima vida y además sería de las pocas ciudades de España que tendría unas zonas de senderismo al lado del río tan bonitas con montañas, siendo como es Orense un valle y con las montañas colindantes que son realmente una maravilla. Es lo que pedimos. Sin embargo, no aceptamos la enmienda de la Diputación porque parece una tomadura de pelo, igual que la otra que decían de la mejor forma posible. La de la Diputación dice lo siguiente, habla de, de poner *cuartos* nada, dice que la *Diputación cooperará* (cooperará pode ser *dándolle unha palmada na espalda*) *cos concellos implicados, coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e con outras entidades públicas e privadas que tamén poidan verse involucradas no proxecto de recuperación das marxes dos ríos Loña e Miño*. Es decir, *cooperará cos proxectos de recuperación que poidan darse*, ¡no hombre! Necesitamos realmente que la Diputación, pedimos que la Diputación juegue aquí un papel fundamental, protagonista, activo; no pasivo que se anota ahí...Pues no, tiene que ser algo activo, no que se anotan a una fiesta. Nada más.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Neste caso pensamos que a moción que hoxe se trae aquí por parte de Democracia Ourenzana é de grande interese, pois coincide, en esencia, cunha proposta do BNG de creación dun gran *anel verde* na periferia da cidade, recuperando os camiños que unen os distintos espazos forestais do entorno ourensán. A proposta de Democracia Ourenzana resulta incluso máis ambiciosa, pois implica a varios concellos e a distintas Administracións, é ao tempo que ambiciosa, tamén é complexa, superando, con moito, as competencias desta institución. Na moción fálase de varias cousas: recuperación e acondicionamento do espazo ambiental como proposta didáctica, algo que nos parece correcto e oportuno polo que ten de elemento sensibilizador. Fala de construír unha pasarela, en realidade sería unha ponte, porque está a falar de facer permeábel o tránsito de vehículos entre os dous lados do río. En todo caso, por pór algunha pega a esta moción, primeiro habería que estudar como dimensionar a zona termal existente e esta proposta podería colidir co que xa hai definido para ese espazo (boulevard termal por exemplo). Pensamos que o relevante desta moción é o que se di en canto á necesidade de recuperar espazos para o *disfrute* e para a concienciación, tan necesaria nos nosos días. Se vamos ao título da moción, estamos absolutamente de acordo coa proposta. Indo á parte resolutiva, que é a importante, parécenos que é difícil de efectivizar, como xa dixen, debido á súa complexidade. En todo caso, e a pesar desta complexidade que vemos que pode ser complicado levala á práctica, vamos a votar a favor da moción orixinal tal e como está formulada. Nada máis, moitas grazas.

**D. Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Non vou a entrar polo miúdo na moción, porque creo que xa todos e todas somos coñecedores do grande valor que teñen o río Loña e o río Miño. Tamén resaltar, si que é verdade, que este tipo de actuacións que propoñen no texto da moción dannos a coñecer non soamente as marxes do río, senón tamén o noso patrimonio. Nesta moción si que nós detectamos, que hoxe traen a Pleno, pretenden continuar unhas sendas xa existentes tanto no río Loña, como no río Miño. A maior parte da senda que propoñen no río Loña pasa polo concello de Ourense, soamente falan dunha pequena parte que pasaría polo concello do Pereiro de Aguiar. No caso do paseo do río Miño, todo o que é a obra que estaban a facer vai a pasar polo concello de Ourense. Falan dunha ponte, como ben corrixiu o portavoz do Bloque Nacionalista, dunha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

ponte - porque falan de circulación de vehículos - na zona de Untes, bueno, na zona de Alongos que pertence ao concello de Toén. Nós estaríamos de acordo, no texto resolutivo, no segundo punto, pero para nada poderemos estar de acordo no primeiro punto que propoñen que é a *aportación* dos fondos necesarios por parte da Deputación. Polo cal, o noso voto vai a ser a abstención porque consideramos que a Deputación non pode asumir a construción de paseos fluviais no concello de Ourense. Xa temos dito que esta entidade, a Deputación, non está para cofinanciar ao Concello de Ourense, está para prestar servizos a concellos de menos de 20.000 habitantes; o que nesta provincia son, como saben, todos menos o da cidade. O Concello de Ourense ten orzamento (por certo, máis alto que o da Deputación) e ten capacidade para colaborar con outras administracións e levar a cabo este tipo de obras. O que tamén si é verdade e que tamén botamos en falta é que nesta moción non fale nada da situación na cal se atopan estes ríos, que soamente temos que dar un pequeno paseo – como vostede di - polo río Loña sobre todo, no que vemos o que é unha mala xestión, ou nula, da vexetación. Eu invítoos a ir, porque non sei se moitas veces coñecen... si do que fala o señor Jácome, si que é verdade moitas veces non damos chegado ao Castro de San Tomé se non coñecemos a zona porque practicamente te perderías polas sendas porque non está nada marcado, pero iso xa é cuestión do Concello de Ourense. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Señor Pérez Jácome, esas cousas que eu ás veces cualifico de ocorrencias, ¡home!, é a miña modesta opinión; de todas maneiras eu poderíalle poñer aquí un montón de *ejemplos* que no seu inicio son *preciosas, bonitas e demás* e a curto prazo resultan ser o que son. Esperemos os resultados e logo falaremos. Dito isto, vexo que vostedes, os de Democracia Ourensana, ultimamente parecen moi preocupados polo desenvolvemento de iniciativas que eu diría de grande impacto mediático no que atinxen ao Concello de Ourense, como no anterior Pleno, recordo, coa Ponte Nova. Paréceme lóxico como representantes do Concello de Ourense que así o fagan, pero ao mellor o foro é alí e non aquí. De todos os xeitos parece ser que xa empeza a haber certo *tufillo* electoral e nos temos que ir acostumando a estas cousas. Sen dicir que estamos en desacordo co que vostedes propoñen, tratarei de matizar nalgunhas consideracións a moción que nos presentan. Non convén *olvidar* que logo de moitos anos (isto recoñecerémolo todos) de vivir ás costas dos ríos, todos somos *testigos* de todo iso, onde eran os vertedoiros e as cloacas dos pobos, incluso das cidades, como digo, vivíase ás costas deles e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

de carecer de medios para a conservación do seu entorno, para preservar a calidade das súas augas ou de explotar o seu potencial de lecer ou turístico; a realidade é que desde principio de século os nosos concellos coa axuda doutras Administracións, como é así, veñen de facer grandes esforzos para valorizar os contornos dos ríos que discorren polos seus municipios. Podería falar, por *ejemplo*, do meu concello, que non *concellño*, señor Pérez Jácome, pero vamos a evitar que non centre vostede o debate no meu concello e falemos da provincia en xeral. Fíxese vostede que estou falando todo o tempo de concellos, da Administración Local, da máis próxima aos nosos cidadáns, porque a decisión de acometer un proxecto de recuperación das ribeiras en calquera dos ríos da nos provincia, ten que ser, debe ser, como punto de partida una decisión do goberno local, ben por propia iniciativa ou ben en resposta a unha demanda da veciñanza porque a eles nos debemos todos. Salvo casos excepcionais, como pode ser a intervención directa dos organismos de conca no exercicio das súas competencias, son os concellos os que toman a iniciativa e solicitan despois a cooperación do resto das Administracións e organismos públicos para desenvolver esas obras que, no *ejercicio* da súa autonomía municipal, deciden. Refírome á Deputación, á Xunta de Galicia e, claro está, á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil e tamén sen *olvidarnos* da Confederación Hidrográfica do Duero que, aínda que en reducidas zonas desta provincia, tamén ten competencias na zona da Comarca de Verín. Polo que respecta a este Goberno provincial, como vostedes saben ben (outra cousa é que o recoñezan) son habituais os convenios de colaboración entre a Deputación, a Confederación Miño - Sil e os respectivos Concellos para a realización de obras fluviais do máis diverso tipo, cito por exemplo: a recuperación de marxes, limpeza de canles ou construción de sendeiros, de pasarelas, de pontes, entre outras actuacións. Convenios, repito unha vez máis, que parten da iniciativa municipal buscando e negociando o apoio necesario para desenvolver proxectos que de xeito individual non serían posibles dada a escasa capacidade inversora que teñen os noso concellos, a maioría deles de menos de 20.000 habitantes, como se dixo aquí. Non esquezan, neste sentido, que as administracións locais tamén teñen que financiar unha parte das obras. Como resulta obvio, este Goberno provincial, e o dixo a compañeira deputada que nos acaba de preceder na palabra, pois este Goberno provincial non é quen de dicir a ningún concello a que ten que destinar os seus orzamentos e nós tampouco podemos dicir que o financiaremos todo. Non obstante, señores de Democracia Ourensana, e respectando sempre este principio de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

autonomía municipal que eu invoco moitas veces, o goberno desta Deputación vén de cooperar e mesmo impulsar toda acción que teña como finalidade a conservación e valorización do noso medio e vostedes son coñecedores diso, outra cousa é que lles interese recoñecelo por puro e simple interese partidario. En todo caso, non lles caiba dúbida algunha que sempre que un concello solicite axuda, sexa técnica, de asesoramento ou de coordinación con outras Administracións, vai atopar en nós toda a cooperación necesaria, como así vén sendo e así seguirá sendo. Por todas estas razóns e tomado en consideración a súa proposta, desde o Grupo Popular presentamos unha emenda de substitución que segue a liña do programa de actuación deste goberno provincial e, sobre todo, os criterios que xa están a seguir na colaboración con outros proxectos semellantes no resto da provincia. Unha emenda que compromete, e destaco, compromete o asesoramento normativo e técnico da Deputación a este proxecto de recuperación das ribeiras dos ríos Miño e Loña; así como o traballo de estimación real do seu custo, e digo do seu custo, e análise de posibles liñas de cofinanciamento. É dicir, un paso máis na cooperación cos concellos, desta volta, cos concellos implicados, coa Confederación Hidrográfica Miño - Sil e outras entidades públicas e privadas que tamén podan verse involucradas no proxecto. Agardamos pois, señor Pérez Jácome e señor Ojea, que no ánimo de conseguir ese paseo fluvial que todos valoramos positivamente, pero non só no termo municipal de Ourense, senón tamén nos concellos do seu entorno e ribeireños do río Miño e Loña, teñan vostedes en consideración a proposta que lle fixemos e que acto seguido paso a dar lectura, como digo, no ánimo de avanzar na consecución dese paseo fluvial. A nosa proposta de acordo di textualmente: *A Deputación de Ourense cooperará cos concellos implicados, coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e con outras entidades públicas e privadas que tamén poidan verse involucradas no proxecto de recuperación das marxes dos ríos Loña e Miño no entorno de Ourense, como paseo fluvial, tanto no asesoramento normativo e técnico como na estimación real do seu custo, para posteriormente analizar as posibles liñas de cofinanciamento* (como debe ser e non sería posible de ningún outro xeito, señor Pérez Jácome). Repito, *para posteriormente analizar as posibles liñas de cofinanciamento*. Isto non é , como din no meu pobo, chegar e apor. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas. Tomando las últimas palabras de Plácido, me encanta porque me recuerda a un

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018**

capítulo de *Los Simpson* porque dice lo siguiente, dice que la Diputación de Orense, en la enmienda que nosotros rechazamos, en el asesoramiento y todo eso, normativo y técnico así como en la estimación real del coste. Oye, pero perdona, para ofrecerlos de tasador *non fai falta, taxadores hai moitos*. Y dice, y para posteriormente analizar las posibles líneas de cofinanciamiento, que, a lo mejor, puede ser un 0%. Es decir, la Diputación se compromete a cofinanciar esto con un 0% y esto tiene que ver con el chiste de *Los Simpson* porque recuerdo que una vez llevaban a los Simpson a un tema de una planta que había, tema del mar y todo eso y dice la persona que hace eso: os tengo que decir una cosa, niños, un porcentaje de lo que aquí hacemos se recicla y le dice Lisa Simpson: mire, por favor, ¿qué porcentaje se recicla? Y dice: un 0%, un 0% es un porcentaje. Pues esto, más o menos igual. Es una tomadura de pelo la enmienda del PP porque es como no decir nada. Respecto a lo que decía la compañera diputada del PSOE, decir que nosotros estamos aquí para ayudar, efectivamente, uno de lo que podía definir a la Diputación es intentar ayudar a los Ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes y todo eso, pero realmente no es así porque la Diputación de Orense, históricamente todas las diputaciones, hacía también inversiones en la ciudad y en las villas que tienen más de 20.000 habitantes. De hecho, si no fuera así ¿qué pintamos los de Ourense aquí, los de Ourense ciudad? O sea, que usted me está diciendo que los de Ourense ciudad venimos a representar aquí, o sea está el sistema hecho de tal forma, que los de Ourense ciudad venimos a representar aquí a los pueblos de menos de 20.000 habitantes. Hombre, entonces no deberíamos tener cabida, es decir, lo normal es que ya no nos permitieran ser representantes de eso; pero aquí esto se elige por provincia; no se hace la disección de los que representan a los pueblos y los que no, no tendría sentido que los de la ciudad viniésemos aquí, no, usted viene aquí para representación de los pueblos de 3.000 habitantes. ¡Hombre! Se deberían de presentar de diputados los pueblos de menos de 20.000 habitantes, no los de la ciudad, no tendría sentido. Voy a decir una cosa que viene un poco a contradecir algo que en este caso vosotros a lo mejor no reparasteis en ello (a lo mejor sí, no sé) pero que sí que es verdad, tengo que decir, que ya se está beneficiando Orense de una forma; es decir, la Diputación está aquí para ayudar a los pueblos de menos de 20.000 habitantes, bueno, pues entonces empezad por quitar a la Diputación de aquí, porque el 45% del presupuesto de la Diputación se gasta en Orense ciudad porque el hecho de estar aquí hace que casi toda la gente que trabaja aquí, viva aquí

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

y se está beneficiando aquí, del mismo modo que en Santiago por la población flotante. Entonces, si realmente queréis hacer eso no vengáis de boquilla con *trapalladas* de decir vamos a mandar un millón de euros para allí o para allá. No. Si de verdad queréis ayudar a los pueblos de menos de 20.000 habitantes, la Diputación de Orense descentralizadla y no la pongáis en la ciudad; porque quien se está beneficiando es la ciudad con toda la gente (población flotante) que con los sueldos vive aquí. Así que menos hipocresía.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** ola, nada, soamente dicir que vir como representante non significa que só teñas que defender os intereses da cidade de Ourense; senón de toda a provincia. Xa para non entrar nada neste tema, porque eu creo que as deputacións teñen que estar para o que é a súa función, non para atender as necesidades do Concello, nin para investir no Concello de Ourense. Xa votamos aquí varias mocións que estivemos en contra, non en contra, senón nos abstivemos porque non cremos que esta Deputación teña que poñer cartos para a provincia e cofinanciar obras do Concello de Ourense, cando ten o Concello de Ourense máis orzamento que esta Deputación. Vou a recoller o guante que dixo o voceiro do Partido Popular e dicirlle que as regras de xogo non son para todos iguais. Hai moitos concellos dos que estamos nesta bancada que, mire vostede, ata estamos dispostos a cofinanciar obras coa Deputación e coa Confederación, o que pasa é que non nos fan moito caso. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz Grupo Popular:** grazas presidente. Señor Pérez Jácome, a nosa emenda non é tal e como vostede a cualifica. Nós falamos nela de cooperar, algo que repetimos aquí moitas veces, tanto o presidente, coma eu, como aos que nos corresponde intervir porque diso se trata nesta deputación: de cooperar cos concellos. Falamos de cooperación no asesoramento técnico e na estimación real no custo. Malamente, señor Rodríguez Jácome, cando vostede teña responsabilidade de goberno (se algún día a ten) verá que non se pode facer ningunha actuación se previamente non hai un estudo de viabilidade técnica e acto seguido de viabilidade económica. E, ¿como é a viabilidade económica? Pois primeiro hai que saber o que custa e despois quen a financia, así de sinxelo e hai que empezar por aí, e o *padrenuestro* de calquera investimento público. Se vostede non o entende así, mire non interpretou ben vostede a nosa emenda de substitución e o lamentamos que sexa así. Aínda que vostedes na súa moción fan unha resposta completa, na exposición de motivos, para un proxecto que nós cualificamos de atractiva aparencia. O que non ten encaixe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

é pedirlle a este goberno provincial, e xa se dixo aquí algo, que destine fondos e recursos ao acondicionamento das ribeiras nos ríos Loña e Miño ao seu paso por catro municipios saltándose, señor Pérez Jácome, saltándose, o principio básico da autonomía municipal no que vostede parece non crer moito. Vostedes mesmos xa sinalan no texto da súa moción, e o cito literalmente, que é o seguinte: *algún dos proxectos tratados xa foi abordado parcialmente polos Concellos involucrados* (isto dino vostedes, non eu), é dicir, que entre os seus plans municipais xa figuraban actuacións nas súas áreas fluviais que, de non continuar, será por estratexia do goberno ou dedicación dos recursos a outros fins porque non esquezan que os propios concellos tamén teñen que financiar, e xa o dixen anteriormente, unha parte das obras e non somos nós (e tampouco vostede) quen de dicirlles o que teñen que facer e a onde deben destinar os seus fondos. Volvo a repetirlles unha vez máis, piden tamén vostedes participación activa desta deputación mediante outro tipo de apoio, non lle caiba a menor *duda*, e tamén o dixemos máis veces, que sempre que un concello solicite axuda (e dígollo á señora voceira do Grupo Socialista), sexa técnica, de asesoramento ou de coordinación con outras Administracións, vai atopar en nós toda a colaboración necesaria, como así vén sendo. Así pois, señores de Democracia Ourensana, deixemos dunha vez por todas (a ver se nos queda claro) que sexan os propios concellos os que determinen os seus plans de actuación de acordo cos seus recursos, coas súas necesidades e, por suposto, coas súas prioridades. E se deciden acometer proxectos do tipo do que estamos a falar, non dubide vostede que atoparán neste Goberno provincial, e así vén sendo e xa o dixen antes e o volvo a repetir, a colaboración do presidente e do seu equipo de goberno. Mentres tanto, eu diríalles, ou máis ben pediríalles, máximo respecto á iniciativa e á autonomía municipal. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, no, lo que dijo Plácido es una obviedad; obviamente que hay que hacer antes unos requisitos previos, ¡hombre claro! Es una obviedad. También habrá que hacer antes, *levantarse pola mañá, un requisito previo é levantarse da cama polas mañás, a empezar a facer cousas*; pero eso ya sabemos que es una obviedad. Y nada más. Respecto a lo que decía la compañera del PSOE. ¿El Ayuntamiento de Orense tiene más presupuesto que la Diputación? Hombre claro, porque son 100.000 habitantes. Pero en inversiones, por ejemplo, el Ayuntamiento de Orense, una vez que satisface los servicios básicos que, además, cantidad de servicios básicos de la ciudad de Orense son para gente de la

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

provincia, como el transporte urbano, a lo mejor el 40% de los usuarios es de gente de fuera. Cantidad de gente que vive en la ciudad que no está censada en la ciudad, entonces hay cantidad de servicios. A parte de eso, la capacidad de inversión que tiene el Concello de Ourense es pequeñísima, está en torno a un 3 - 4%. Como la Diputación de Ourense no ha hecho en un año una inversión, *o Concello de Ourense poucas inversión pode facer*. Nada más, esta es una de ellas en las que hace falta porque, además, los grandes beneficiarios de todo esto no serían solo los ciudadanos de Ourense, los de Ourense y la parte, en este caso, occidental de la provincia principalmente. Y nada más.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción de Democracia Ourensana que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Cooperar cos concellos implicados, coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e con outras entidades públicas e privadas que tamén poidan verse involucradas no proxecto de recuperación das marxes dos ríos Loña e Miño no entorno de Ourense, como paseo fluvial, tanto no asesoramento normativo e técnico como na estimación real do seu custo, para posteriormente analizar as posibles liñas de cofinanciamento.

**11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presenta ningunha.

**12º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xaneiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de maio, 3º de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

setembro, 3º de outubro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2017.

- Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de xuño, 5º de xullo, 4º de agosto, 4º de setembro, 3º de outubro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2017.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2018.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

### **13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**Sr. presidente:** comezamos en primeiro lugar, tal e como sinala o Regulamento, por aquelas preguntas que foron formuladas por escrito para resposta oral e formulación oral neste pleno. O Grupo Socialista presentou catro preguntas con estas características. En primeiro lugar vai formular a súa a deputada dona Isabel Gil, cando queira.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** bo día. Grazas Sr. presidente. No que respecta a proposta de modificación de créditos e das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2018, para crear a partida orzamentaria 42211/47900 “Outras subvencións a empresas privadas”, dotando a Suzuki Motor Ibérica SA cun importe de 60.000 euros para promoción turística da provincia de Ourense nos distintos soportes do equipo oficial de Suzuki Motor Ibérica no Campionato de España de Rallys 2018. Pregunta: ¿cales son as accións para desenvolver por parte desta empresa para cumprir co obxectivo da promoción turística? Solicito a súa relación detallada e en que consisten, é dicir, o obxectivo desta subvención.

**Sr. presidente:** grazas. Vou dar lectura ao informe do xerente do INORDE, que lle farei chegar por escrito. Unha resposta en relación con esta pregunta e comeza dicindo que estamos a falar de turismo deportivo, unha cuestión que protagonizou a presentación que fixo esta Deputación no pasado salón de FITUR en Madrid, e neste ámbito de turismo deportivo un soporte de máximo nivel son os campionatos de España de Rallys de asfalto e de terra. Son 18 eventos ao longo da xeografía española cun seguimento masivo e un perfil axeitado ao deporte onde o 63% de espectadores está entre os 16 e 34 anos e o 80% declárase interesado no deporte e onde 2 de cada 3 afeccionados mellora a súa opinión de marca e 1 de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

cada 2 inflúe nas súas decisións de compra. Consequimos subirmos ao equipo de Suzuki Motor Ibérica, onde compartiremos espazo con Repsol, que é líder mundial no deporte do motor, e Santander Finance e estaremos presentes en toda a estrutura de Suzuki, que é a única marca cen por cen oficial nos campionatos de España. Trátase da maior estrutura técnica e de comunicación deses campionatos. Ourense, a Provincia Termal, marca Ourense, estará presente nos coches do equipo oficial Suzuki; contará cun stand promocional de Ourense Provincia Termal en cada rally dentro da estrutura; na estrutura de asistencia de tres camiós tráiler que recorren a xeografía nacional; en toda a montaxe de carpas de asistencia; en todas as presentacións oficiais antes de cada rally de asfalto; en todos os soportes e notas de comunicación e prensa propios de Suzuki e Repsol; en todas as redes sociais desas marcas; na súa propia TV a través de internet durante toda a temporada; en todos os medios de comunicación xeralistas e especializados que seguen estes campionatos; en todos os eventos que se demande a súa presenza e non coincidentes con algunha proba. Dicar que o calendario 2018 recorrerá as seguintes provincias e territorios: en rallys de asfalto Pontevedra, Córdoba, Illas Canarias (2), Ourense, Ferrol, Asturias (Oviedo), Asturias (Llanes), Santander, Valencia e Madrid. En rallys de terra: Murcia, Córdoba, Lanzarote, A Coruña, Cataluña, Navarra, Granada, León (Astorga). Esta é a resposta, que como digo lle farei chegar ese informe do xerente d INORDE.

Segunda pregunta que se pretende formular para resposta oral, corresponde tamén á deputada Isabel Gil, cando queira.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas, gustárame que me explicara a marca Ourense que é, marca Deputación ou marca Ourense Termal.

**Sr. presidente:** a marca Ourense a Provincia Termal é a marca Ourense, son practicamente a mesma cousa.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas. Dado que o importe restante da partida proposta para dar de baixa, aplicación 42211/48906 ao beneficiario Cámara de Comercio de Ourense, por importe de 100.000 euros, será para dotar ás partidas de formación de emprendedores (15.000 euros) e actividades turísticas (25.000 euros), respecto dos denominados gastos de formación de emprendedores ¿a qué tipo de formación se refire? ¿Cales son os criterios de selección? Con relación ás actividades para o turismo ¿Qué tipo de actividades están proxectadas? ¿A qué ou a quen vas destinadas?.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

**Sr. presidente:** grazas. Con respecto á primeira pregunta, relacionada con programa de formación, tamén lle vou facer chegar estes informes do xerente do INORDE como digo. O INORDE na busca de fondos da Unión Europea, dicir que no Fondo Social Europeo 2014-2020 a través da Fundación INCYDE, que representa ás cámaras de comercio de España, captamos para o ano 2018 fondos para a realización de catro programas para desenvolver nas áreas de Barbadás, Celanova, Valdeorras e Verín. Para o primeiro semestre do ano, en concreto un programa de autoemprego e consolidación empresarial, cun custo total de 50.000 euros, no que o INORDE achega 10.000 euros (20%) e o Fondo Social Europeo 40.000 euros (80% restante). Tamén neste primeiro semestre do ano, un programa de itinerarios de emprendemento xuvenil, cun custo total de 55.000 euros, no que o INORDE achega 4.460,50 € (8,11%) e o Fondo Social Europeo 50.539,50 euros (91,89 %). Para o segundo semestre do ano contéplase un programa de creación e consolidación de empresa no sector da madeira, cun custo total de 50.000 euros, no que o INORDE achega 10.000 euros (20%) e o Fondo Social Europeo 40.000 euros (80% restante), e un programa de itinerarios e emprendemento xuvenil cun custo total de 55.000 euros, coas mesmas cantidades e porcentaxes que dixen no anterior: o INORDE 4.460,50 euros (8,11%) e o Fondo Social Europeo 50.539,50 euros (91,89 %). Coa realización destes programas xestiónase un montante de 210.000 euros, dos que o INORDE cofinancia 28.921 euros e a contía restante, 181.079 euros, van a cargo do Fondo Social Europeo. O número máximo de alumnos por programa é de 25, polo que podemos chegar a 100 empresarios e emprendedores nestas áreas no ano 2018. Con respecto á selección de empresarios e emprendedores realízase seguindo os criterios e regulamentos que recolle o Fondo Social Europeo. En primeiro lugar, publicidade e captación de empresas e emprendedores, coa colaboración da Confederación de Empresarios, da Cámara de Comercio e asociacións empresariais provinciais, tamén de asociacións sectoriais e dos propios concellos das comarcas onde se imparten. A selección final, máximo de 25 por programa, como dixen, realízase o propio INCYDE a través do seu director de programa e dos propios consultores, tralo análise previo dos proxectos, do plan de empresa e do plan de mellora. Cabe destacar que unha vez finalizado o ciclo de formación os asistentes dispoñen de consultoría online gratuíta durante os dous anos seguintes, para acompañalos no despegue do seu proxecto. Os destinatarios son emprendedores que contan cunha idea de negocio e desexen realizar un proxecto viable de creación de empresa para a súa posterior posta en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

marcha e empresarios e empresarias que queiran consolidar o seu negocio, mellorar a rendibilidade da súa empresa ou avaliar outras alternativas de expansión no sector. Isto polo que respecta ao programa de formación. E con respecto ás súas preguntas, vinculadas coa dotación da partida de turismo, o xerente do INORDE emite informe, que tamén lle farei chegar, no que di que con respecto á pregunta sobre o destino dos 25.000 euros da partida de subvención, dicir que van reforzar a partida de promoción turística, actividades de turismo, que tiña pouca dotación, para cofinanciar os convenios coa Xunta de Galicia e do Xeodestino n.º 10 Celanova - Baixa Limia e do Xeodestino n.º 12 Manzaneda - Trevinca. Subliñar que con respecto ás achegas de 2018, con respecto ao Xeodestino Manzaneda - Trevinca a Xunta de Galicia achega 35.000 euros, os concellos 24.000 euros e o INORDE 43.500 euros. No Xeodestino Celanova-Baixa Limia a Xunta achega 35.000 euros, os concellos 24.000 euros e o INORDE 24.000 euros. As achegas totais deste ano 2018 son: a Xunta de Galicia 70.000 euros; os concellos 67.500 euros e o INORDE tamén 67.500 euros. A maiores, cada anualidade asinamos un convenio coa Axencia de Turismo de Galicia para accións desenvolvidas polo INORDE. A achega da Axencia de Turismo para este ano 2018 é de 100.000 euros e a achega do INORDE é de 44.000 euros, un total de 144.000 euros. Actividades: accións de *marketing*, formación, recursos humanos, material promocional, plans de impulso a produto, camiños de Santiago, eventos deportivos, *marketing online*, páxina web, presenza en feiras de xeodestinos, etcétera, etcétera. Estas son as respostas a esta segunda pregunta. A terceira pregunta corresponde formulala ao deputado don Adolfo González.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** si boas tardes. Sr. presidente, estamos a piques de rematar o prazo estipulado no artigo 191.3 da Lei de facendas locais para confeccionar a liquidación do orzamento do exercicio do ano pasado: ¿cal é o resultado orzamentario do ano 2017 e cal o remanente de tesourería? Grazas.

**Sr. presidente:** moitas grazas. A resposta, segundo me informan de Intervención desta Deputación, é que se está a elaborar neste intre a liquidación do orzamento, para a data prevista na lexislación vixente que é o día 1 de marzo. Tan pronto estea elaborado se lle fará chegar a información que solicita. Moitas grazas. Pasamos á pregunta número catro que figura neste escrito do Grupo Socialista, que lle corresponde formular ao deputado don Vicente Gómez, cando queira.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista:** bos días. No pasado mes de outubro acordárase a constitución dunha comisión informativa especial e permanente denominada de incendios forestais e emerxencias, desde entón no sabemos nada, xa pasaron catro meses desde aquela, queremos saber cando se ten pensado constituír a devandita comisión.

**Sr. presidente:** moitas grazas. En relación con este pregunta dicir que efectivamente, houbo aprobación plenaria da posta en marcha da comisión de incendios forestais e emerxencias, con data 27 de outubro. Con data 12 de decembro requiríuselles por parte da Secretaría Xeral aos grupos, para que remitisen a identidade dos deputados que van integrar a dita comisión por cada grupo. Remitiron a identidade deses deputados o Grupo Popular e o Grupo Socialista, non o fixeron os outros dous grupos Isto non impide que haxa quórum suficiente para que se poida constituír e dirixirse aos voceiros dos grupos que non responderon a esta cuestión, e como digo será a vindeira semana cando convocaremos a sesión constitutiva da comisión, para que fixen un plan de traballo, que pasa polas achegas de entidades e colectivos, para mellorar o modelo de prevención e extinción de incendios forestais. En todo este tempo, o que tampouco se pode obviar é que comezou a funcionar unha comisión no Parlamento de Galicia, que se remitiron por parte dos concellos afectados diferentes propostas, cunha valoración dos danos que ocasionaron os incendios forestais, a vaga de lumes, que estivemos a recibir esas solicitudes de indemnización por danos polos concellos, tamén a Xunta, e nesta fase estamos entre Deputación e Xunta de Galicia, conxunta e coordinadamente, e contrastando esas valoracións, para que unha vez queden as cantidades definitivas se proceda a facer chegar as axudas correspondentes. Unhas axudas para as que a Deputación xa manifestou a súa vontade de cofinanciar coa Xunta de Galicia. Algunha outra cuestión ou algún outro rogo. Se non hai. Si, BNG ten a palabra.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas Sr. presidente, teño varias cuestións. En días pasados, nais e pais de nenos autistas de Ourense saíron publicamente para manifestar o seu desacordo coa suba do 100% que por parte da asociación Autismo Ourense se pretende facer co pretexto do recorte nas subvencións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galiza. Cónstanos que algún representante dos pais e nais estiveron nesta Deputación falando coa deputada Montserrat Lama a respecto desta cuestión. Tamén sabemos, de boca dos propios pais e nais, coa que estivemos reunidos, que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

a xestión por parte dos actuais dirixentes da Asociación Autismo Ourense é opaca, tal e como denuncia nunha recente comparecencia pública. Á vista disto queremos preguntarlle (se non nolo pode dicir agora entenderémolo, pero agardamos que nolo traslade por escrito) ¿cal é o monto económico que se lle ten dado á Asociación Autismo Ourense desde o ano 2008 ata o día de hoxe?

**Sr. presidente:** conseguirei esta información e seralle trasladada por escrito.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas. Outra cuestión: hai varios meses o BNG preguntaba no Pleno acerca da posibilidade de que a Deputación alugara parte das dependencias do edificio de Correos. Daquela contestounos que xa teríamos información chegado o momento. Pois ben, ao final tivémonos que informar a través da web e dalgúns medios de comunicación de que a Deputación chegou a un acordo para alugar as dependencias do edificio, agás a planta baixa, para trasladar as dependencias que actualmente hai no edificio do INORDE, a efectos de liberalas para a situación do futuro museo da roda de afiar. Con esta operación (é unha valoración nosa), a Deputación pretende aliviar a conta de perdas de Correos, que á súa vez está a pagar a ADIF (organismo público tamén) case 3.000 euros polo aluguer do solo onde está a nave da estación. Nós pedimos xa hai semanas unha copia do convenio asinado, copia que aínda non nos foi entregada, algo que sorprende por canto esta información é sinxela (é unha simple fotocopia). Descoñecemos a razón pola cal aínda non nos foi entregada e agardamos que se faga no menor prazo posíbel. Queremos pedirlle tamén que se nos dea traslado de toda a documentación que faga referencia ao actual edificio de correos que obren en poder da Deputación no arquivo provincial. En todo caso, e mentres agardamos por esta documentación, queremos preguntar: ¿a canto ascende o montante do aluguer? ¿Por canto tempo? ¿Está inmatriculado no Rexistro da Propiedade o inmovible do actual de edificio de Correos a nome de Correos? ¿Desde cando? ¿Existe por parte da Deputación dereito de reversión sobre os terreos que no seu día administrou e que foron a sede do antigo hospital de San Roque? ¿Que previsións hai de custo para o futuro museo da roda de afiar, e baseándose en qué informe se decidiu situalo nas actuais dependencias do INORDE?

**Sr. presidente:** contestareille por escrito. Simplemente dicirlle que aínda non hai convenio asinado, por iso non se lle remitiu o convenio.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas. Un tema que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2018</b>
--

tamén levamos denunciado a respecto dos orzamentos da Deputación, que son papel mollado e que son unha mentira, que non o dicimos nós, que son os números. Nos meses de outubro, novembro e decembro vostede asinou por decreto modificacións de crédito para transferencias de crédito por valor de 857.500 euros. Hai partidas de 163 e mil e pico, 70.000, 154.000 .... Descoñecemos a finalidade destas transferencias, polo que pedimos que se nos dea unha relación detallada desas partidas.

**Sr. presidente:** tomo nota.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** tamén aparece na relación de decretos un traballo que se realizou de sondaxe e tamén nos gustaría que se nos chegara unha copia deste traballo demoscópico.

**Sr. presidente:** así será.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** finalmente, para rematar, no pasado Pleno fixemos un rogo para que se puxera en marcha unha comisión específica que abordara aspectos relativos ao servizo de limpeza e ao cumprimento do prego de condicións. Estivemos agardando unha resposta e non se produciu. A nosa pregunta a este respecto é moi sinxela: ¿ten pensado vostede crear a comisión que demandamos os grupos da oposición?

**Sr. presidente:** non, non teño pensado crear esa comisión. ¿Algunha cuestión máis? ¿Non hai máis rogos, máis preguntas? Levántase a sesión. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

E, ás 13.58 horas do día 23 de febreiro de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**